Un problema medioambiental que naceu cos gobernos municipais do PP en Melide e que a anterior alcaldesa entre 2004 e 2007 e entre 2011 e 2015 e agora actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, non só non se preocupou en tentar resolver senón que ata chegou a ignorar a situación mirando cara a outro lado (nin tampouco a súa sucesora tamén "popular", Dalia García). Un problema medioambiental que gobernos locais responsables terían que ter previsto e evitado, se no seu debido tempo esixisen ás empresas, hoxe infractoras, cumprir as ordenanzas municipais cando se instalaron neste chan industrial. E, sobre todo, cando estas mesmas empresas solicitaron ampliacións para as súas actividades.

Pola contra, nada se fixo, dando lugar a que o problema, lonxe de se solucionar, co paso do tempo se agravase. É máis, a gravidade do asunto é tal, que agora o asunto xa está no xulgado de Instrución da Arzúa.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 11:20:35
Nº Rexistro: 61865
Data envío: 17/01/2020 11:20:35.724

Este grupo parlamentario leva anos demandando solucións. Sen ir máis lonxe, no pasado período de sesións solicitaba, vía emenda ao Proxecto de orzamentos da Xunta 2020, a dotación orzamentaria suficiente para a construción dunha EDAR no polígono industrial da Madalena en Melide, co fin de rematar dunha vez por todas con este gravísimo problema medioambiental. Emenda que foi rexeitada polo grupo que sostén o Goberno, o Grupo do Partido Popular. Emenda que, para máis *Inri*, solucionaba un problema que é de sobra coñecido pola actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

A Sra. conselleira que ten unha gran parte de responsabilidade neste asunto, xa que nada ten feito para intentar remedialo, pouco ou nulo interese veu mostrando, agás esta última e recente etapa que coincide co cambio no bastón de mando na alcaldía de Melide.

Agora, despois de anos de desleixo, parece mostrar preocupación, dilixencia e incluso poderiamos afirmar unha actitude de belixerancia co Concello de Melide.

Desde o noso Grupo, lamentamos que non se teña mostrado esta mesma actitude de dilixencia, contundencia e belixerancia parlamentaria á hora de defender a emenda presentada por este grupo parlamentario cando solicitaba unha dotación orzamentaria para dotar ao Polígono da Magdalena, en Melide, dunha estación depuradora de augas residuais.

Por iso O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Que, antes de que remate esta lexislatura, consigne unha partida orzamentaria suficiente para a construción urxente dunha EDAR no Polígono Industrial da Madalena en Melide.

2º) Que, mentres o dito polígono careza de EDAR, a Consellería de Medio Ambiente realice controis máis periódicos. Así mesmo, que realice un informe sobre as causas e procedencias dos continuos e recorrentes vertidos.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 11:20:35
Nº Rexistro: 61865
Data envio: 17/01/2020 11:20:35.724

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 17/01/2020 10:57:50**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2020 10:58:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 10:58:33**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Na área de Vigo hai un grave déficit de prazas públicas en residencias para maiores, cunha das dotacións máis baixas do Estado. Este déficit vense arrastrando desde hai anos, nos que non se produciu inversión pública cando en Vigo hai 72.000 persoas xubiladas e só se dispón de 2.080 prazas de residencias para maiores (sen contar centros de día) das que só 604, o 29%, son públicas.

A Xunta leva máis de 10 anos sen construír unha residencia pública en Vigo, existindo neste momentos soamente 3 de titulariade pública, sumando 604 prazas cando segundo os criterios da OMS, debería haber polo menos 3.600 prazas para maiores.

Existen case 500 personas en lista de espera, tengo que agardar moitas veces máis de 3 anos, o que nos sinala unha situación dramática, xa que a xente que non pode ser atendida atópase moitas veces indefensa, tendo que recaer o esforzo do coidado nas familias, maioritariamente mulleres. A Xunta ten que dar unha resposta, na área metropolitana fan falla como mínimo 400 prazas máis, segundo as federacións de pensionistas dos sindicatos CCOO e UGT.

Sería necesario construír 3 residencias de maiores máis, para o que xa existen



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terreos postos a disposición polo concello. Sen embargo, a que vai construír unha resiencia será a Fundación Amancio Ortega, con 150 prazas e un investimento de 15 millóns de euros, xerando dúbidas sobre se a xestión desta futura residencia será pública ou privada.

Compre lembrar que, no último exercicio, Geriavi, a filial de DomusVi con sede en Vigo, superou as súas previsións chegando ata os 625 millones de euros en facturación, un 15% máis do conseguido un ano antes. O que demostra que estase facendo da atención as persoas maiores un enorme negocio.

Esta sitación non é exclusiva da área de Vigo, a nosa comunidade atópase á cola de todos os indicadores respecto ao resto do Estado Español e moi lonxe das recomendacións da OMS, de cinco prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos, cando en Galicia hai 2,97 e só 1,04 son públicas.

A esta situación engádese o déficit de profesionais de enfermería cunhas ratios moi baixas que non permiten ofrecer unha atención e coidados coa seguridade e calidade que as persoas maiores merecen.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aumentar ata acadar o número recomendado de prazas 100% públicas en residencias para maiores na área de Vigo.
2. Construír 3 residencias públicas para atender a crecente demanda de prazas nestas residencias, reducindo a ratio entre prazas públicas e número de persoas maiores.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:08:33
Nº Rexistro: 61870
Data envio: 17/01/2020 12:08:33.883

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.
Manolo Lago Peñas.

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2020 12:00:00**

**José Manuel Lago Peñas na data 17/01/2020 12:00:11**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:39:39
Nº Rexistro: 61887
Data envio: 17/01/2020 12:39:39.132

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG levamos moito tempo denunciando que o goberno central desmantela os servizos ferroviarios do noso país, contando ademais na última década coa complicidade da Xunta de Galiza, e facemos un chamamento para esixir unha rectificación inmediata dunha situación que nos últimos meses ten virado insoportable. Galiza e as poboacións de Ourense, Ribadavia, O Carballiño, A Rúa, o Barco de Valdeorras e outras localidades merecemos servizos de primeira.

Desde hai anos Renfe e Adif, por decisións políticas do PP e do PSOE, avanzaron nunha liña de baleirado de servizos ferroviarios. Co paso dos anos, no lugar de mellorárense as conexións entre as poboacións, a liña é a contraria. Hoxe, a liña entre Vigo e Ourense ten menos paradas e frecuencias que hai unha década. O mesmo acontece coa conexión Coruña-Ourense, e con Ourense-O Barco. Así mesmo, as conexións entre Ourense e A Gudiña ou Lugo son practicamente inexistentes. Os servizos non melloraron e o único que parecía un avance, a posta en marcha do Avant Coruña-Ourense, foino a cambio duns prezos absolutamente



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:39:39
Nº Rexistro: 61887
Data envio: 17/01/2020 12:39:39.132

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas conexións da franxa atlántica e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico dunhas comarcas empobrecidas e con graves problemas de fixación de poboación como as ourensás.

Privatizáronse servizos, pecharon estacións e iso non significou a mellora das que quedaban. Máis ben ao contrario. Primeiro privatizaron numerosos servizos como o de atención ao cliente, e agora este proceso quere concluír no peche de moitos deles, como é o caso do servizo presencial de venda de billetes e atención ao público nestas estacións. Así mesmo, son constantes os problemas de avarías e atrasos, especialmente nas liñas rexionais.

Esta situación non pode permitirse, debemos esixir que os servizos se melloren e se manteñan como exclusivamente público e que ao tempo se melloren os trens, as liñas, a oferta horaria e haxa un prezo xusto que contribúa a que realmente o tren poida ser un medio de transporte útil e accesíbel para a poboación mellorando a mobilidade e reducindo o uso do transporte privado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do Goberno do Estado:

a) as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega (GALTREN) que mellore a prestación deste servizo no noso país e favoreza a vertebración económica, social e territorial do país mediante un tren de proximidade galego sobre o que ter capacidade decisoria respecto da política tarifaria, horaria e de desenvolvemento.

b) o cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que no prazo de dous meses desde a constitución do goberno se negocie con Galiza un calendario de cumprimento.

c) que inclúa entre as actuacións un abaratamento da Liña Avant Ourense - Santiago - A Coruña de cando menos un 30% e o estudo da prolongación da liña con Monforte.

d) o cumprimento do acordo de investidura co Bloque Nacionalista Galego no que se demanda a modernización de toda a rede ferroviaria interior galega.

e) acabar co proceso de desmantelamento e privatización dos servizos ferroviarios, a comezar polo o mantemento dos servizos presenciais de venda de



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:39:39
Nº Rexistro: 61887
Data envio: 17/01/2020 12:39:39.132

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

billetes nas estacións de Ribadavia, O Carballiño, A Rúa e o Barco e o retorno a ser un servizo exclusivamente público.

f) estudar a forma de compensación para Galiza da suba de prezos aprobada en decembro de 2019 e levar a cabo a súa rectificación.

g) un plan de renovación dos trens que circulan por Galiza, especialmente dos rexionais que circulan entre Vigo e Ourense e Santiago e Ourense polo seu gran deterioro e constantes avarías.

h) a posta en marcha de servizos adecuados entre A Gudiña e Ourense de forma que a conexión do eixo norte-sur da provincia non dependa en exclusiva das prazas baleiras que queden nos trens de longa distancia que conectan coa meseta.

2. Asumir o seu compromiso con estas demandas así como a elaboración, con base ás súas competencias en materia de consumo, dun informe propio sobre a discriminación tarifaria e sobre as demandas existentes de mellora no territorio para remitilo ao goberno central."

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 12:22:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 12:22:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 12:22:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 12:22:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 12:22:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 12:23:03**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:06:38
Nº Rexistro: 61894
Data envío: 17/01/2020 13:06:38.757

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

Lalín continúa a ser obxecto dunha intencionada desatención sanitaria por parte da Xunta de Galicia. Viviuse dende hai anos o problema da actitude interesada e electoralista sobre o Centro de Alta Resolución, sinalado no seu momento polo PP como "necesario" e logo esquecido cando o Goberno municipal non estaba en mans dun alcalde do propio partido. Agora esta anterior necesidade converterase nun centro de saúde, sen que tampouco exista compromiso por parte da Consellería de Sanidade de resolver os problemas actuais e inmediatos ata que se constrúa esta nova infraestrutura para a que non hai partida orzamentaria.

De igual maneira a atención sanitaria de urxencias sufre diversos problemas. O PAC da localidade ten defectos estruturais de espazo dispoñible para todos os servizos que debe ofrecer, e necesitaría revisar a dotación de recursos humanos para garantir a óptima atención. Máis a cuestión esencial que centra a preocupación de persoas usuarias e profesionais é a dotación de ambulancia para Lalín e a súa contorna.

O falecemento o ano pasado dun veciño de Dozón antes de chegar a recibir atención sanitaria polo déficit de ambulancias na comarca puxo de novo de relieve a necesidade dunha ambulancia medicalizada, que a día de hoxe segue sen existir. Esta reivindicación non nace deste fatal incidente, se non que xa foi obxecto de reivindicación dos colectivos profesionais, de afectados e dos grupos políticos. A este efecto cabe mencionar o acordo do Pleno Municipal de Lalín, coa participación tamén do Partido Popular, para demandar da Xunta de Galicia unha ambulancia medicalizada para Lalín. Especificamente o Partido Popular remarcou a esixencia de que o vehículo fose medicalizado, o que xa manifesta o seu desacordo con outra solución. A maiores, o Partido Popular presentouse ás eleccións municipais incluíndo no seu programa electoral o compromiso de conseguir esa dotación.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Tras esta sucesión de reivindicacións, e o posterior incidente sinalado de tráxicas consecuencias a Xunta de Galicia, que ata o momento obviara e ningunearа as peticións coa submisión do PP local de Lalín, tratou de escabullir responsabilidades co anuncio de Núñez Feijoo de que a dotación desa ambulancia demandada xa estaba incluída no pliego do novo concurso para a comarca de Lalín. Lonxe desa afirmación, o que hoxe existe en Lalín non é unha ambulancia medicalizada, senón un vehículo de apoio que para nada cubre as necesidades que os profesionais seguen demandando e que contribúe a realizar traslados programados ao hospital pero non da o servizo que se precisa.

A mobilización cidadá é evidente, e os grupos políticos (a excepción do PP) veñen de presentar a solicitude dun pleno municipal extraordinario para tratar o tema. A política de ninguneo da Xunta de Galicia, e o baile de opinións do Partido Popular en función do día, de se deben de expresarse no plano local ou autonómico, ou o cambio de posición en función do goberno local, resulta insoportable e merece clarificar a situación e promover a dotación dos recursos necesarios para a atención sanitaria en Lalín.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar, no prazo máximo de tres meses, o procedemento para dotar a Lalín dunha ambulancia medicalizada con base en Lalín, coa asignación de recursos humanos necesarios para o seu correcto funcionamento 24 horas durante todo o ano.

2. Comprometer un calendario e orzamento específico para a construción do novo centro de saúde, e garantir a mellora das necesidades urxentes no centro de saúde e PAC ata a posta en funcionamento da nova infraestrutura.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:06:38
Nº Rexistro: 61894
Data envio: 17/01/2020 13:06:38.757

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2020 13:01:33**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2020 13:01:46**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2020 13:01:59**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 13:02:09**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:13:37
Nº Rexistro: 61901
Data envio: 17/01/2020 13:13:37.072

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención sanitaria digna e igualitaria ao longo do territorio. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos tempos esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que debera abusando da derivación a Ourense e da derivación a centros privados de Castela para servizos por exemplo de radioloxía, sumado á gravidade de feitos sen aclarar como a falsificación de partes de garda destapada no nadal de 2018 e que a Xunta de Galiza desbotou investigar.

Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa desconformidade e malestar coa falta de persoal.

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a manter no prazo máximo de 15 días unha reunión urxente coa Plataforma en defensa da sanidade de Valdeorras, a Xunta de Persoal do Hospital, forzas sindicais e concellos da zona co obxectivo de acadar no prazo máximo de 3 meses unha proposta de Plan de Mellora do Hospital con orzamento, aumento de persoal e de especialidades así como un Plan de Mellora para os centros de saúde."

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 12:54:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 12:54:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 12:54:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 12:54:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 12:54:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 12:55:04**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 10:37:14
Nº Rexistro: 61912
Data envio: 20/01/2020 10:37:14.099

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

A política de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia bandea entre os anuncios de bos propósitos,  que nunca chegan a materializarse, e a execución concreta de recortes e peches que minguan a calidade de vida dos veciños e das veciñas destas zonas.

A finais do mes de novembro de 2019 asistimos ao anuncio de peche do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín, un peche fundamentado pola Consellería de Sanidade na perda de poboación e o descenso de nacementos. Este grupo parlamentario xa fixo notar, nunha pregunta urxente realizada nesta Cámara, que esta política encaracolada levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural.

A medida adoptada, por desgraza, é coherente coa liña de perda de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia, especialmente no eido sanitario. Os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal de centro de referencia perden a devandita condición.

Dun xeito ilóxico, a Xunta de Galicia desenvolve campañas e declaracións a prol da loita contra o despoboamento, ao mesmo tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios, no que se esquece do noso modelo de dispersión poboacional,  co que está a sobrecargar os grandes hospitais e a converter o rural en lugares desertos de poboación e ermos en servizos.

Este modelo  é contemplado con preocupación desde a provincia de Lugo, na que o rural ten un peso determinante, xa que contribúe a acelerar as desigualdades reais entre a cidadanía. Un entorno sen escolas infantís, centros educativos, sen

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

servizos médicos, sen internet ... é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir.

É ademais un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, ás que se lles quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Entre o momento dos primeiros síntomas de parto e o ingreso definitivo poden pasar varios días. A Xunta de Galicia pretende converter a última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital afastado. Co impacto emocional, a molestia para a familia e o risco engadido para a saúde que estes desprazamentos implican.

Dun xeito concreto, entendemos que este tipo de política supón unha ameaza para os hospitais comarcais, en concreto o de Valdeorras, que en 2018 rexistrou 122 nacementos. No canto de gabarse por estes nacementos, a política da Xunta vennos a dicir que esta cifra é insuficiente e que o paridoiro do hospital comarcal de Valdeorras poderían seguir, xa que logo, o mesmo futuro que o de Verín.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre amosamos o noso rexeitamento ás políticas de desmantelamento da sanidade pública que vén desenvolvendo o Goberno galego. Medidas que afectan dun xeito especial ás mulleres e ás zonas rurais.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aclarar se van estender a decisión de recortar o servizo de paridoiros noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente no de Valdeorras.
2. Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, coa adopción de medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio e contribúa deste xeito ao asentamento de poboación no rural.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2020 10:25:46**

**Julio Torrado Quintela na data 20/01/2020 10:25:57**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 10:34:11**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 10:59:50
Nº Rexistro: 61917
Data envío: 20/01/2020 10:59:50.670

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez (deputado portavoz adxunto) e María Concepción Burgo López, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No artigo 27.1 do Título I. Dos dereitos e deberes fundamentais da Constitución Española de 1978 afírmase que "todos teñen o dereito á educación", recoñecéndose "a liberdade de ensino". Ademais, o apartado 2 do artigo 27 encárgase de establecer que o obxecto da educación será "o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais". Esta definición enmarca o devandito dereito e establece o pleno desenvolvemento da personalidade humana fundamentada no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais", tal e como recolle no seu artigo 26 a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O libre desenvolvemento da personalidade, como garante da autonomía persoal e en relación co dereito á educación, contribúe a que o individuo posúa unha liberdade de elección real e persoal fronte aos diferentes e diversos retos que expón a vida. A liberdade permite discernir e ese pleno desenvolvemento da personalidade humana non está completo se non está estreitamente ligado ao desenvolvemento dun espírito crítico por parte do alumno e do cidadán, necesario para o correcto e adecuado desenvolvemento do citado artigo 27.

Con todo, a construción dun espírito crítico pódese impedir por unha deficiente e incompleta formación, por descoñecemento e deformación da realidade, e pola manipulación do pensamento a través da repetición de falsidades. Isto é o que se pode denominar adoutrinamento, é dicir, inculcar determinadas ideas ou crenzas destorcendo a forma na que se percibe a realidade e dirixindo o seu pensamento cara a unha ideoloxía ou forma de pensar determinada.

Lamentablemente, a escola converteuse en foco para a dereita, tentando implantar un modelo conservador e parcial, que limita o currículo educativo aos contidos que consideran aptos pero que exclúen realidades sociais e mesmo históricas e busca introducir un maior centralismo e control da educación e dos procesos educativos.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 10:59:50
Nº Rexistro: 61917
Data envío: 20/01/2020 10:59:50.670

A educación é un proceso activo no que participan docentes de diferentes sensibilidades e ideoloxías. Ten a riqueza de ofrecer pluralidade de experiencias, materias e materias susceptibles de distintos enfoques e por tanto de xerar pensamento nos alumnos. A filosofía, a historia, a relixión, a literatura, a arte, ciencias, a materia de valores, etc., son materias do currículo educativo que xeran pensamento e axudan a crear espírito crítico.

Nas escolas, é inevitable que entren as preocupacións sociais, pero hai principios pedagóxicos que aconsellan preservar aos nenos e nenas do aliñamento hostil, da agresividade, do adoutrinamento, da simplificación. Neste sentido, e sempre dentro dun contexto de moderación, os docentes han de xestionar a devandita penetración da actualidade nas aulas desde valores democráticos e de convivencia.

Non podemos esquecer que a educación é a mellor vía de progreso social e fronte a deriva centralista, adoutrinadora e controladora, é de vital importancia mostrar e afianzar o apoio e a confianza na profesionalidade do docente e da inspección educativa, confiar no noso sistema educativo e garantir unha formación integral para todos os nenos e nenas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central instándoo a:

1º) Velar polo cumprimento dos artigos 27.1 que defende o dereito á educación e a liberdade de ensino e 27.2 da Constitución española que ten como fundamento o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

2º) Reforzar o cumprimento dos plans de igualdade, protocolos LGTBI e formación en igualdade nos centros educativos para a prevención da violencia de xénero e superar o sexismo.

3º) Garantir a pluralidade de pensamento, o ensino de principios de convivencia, respecto e tolerancia que unha sociedade democrática debe compartir a todos os alumnos e alumnas na educación obrigatoria tal e como recomenda o Consello de Europa.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 10:59:50
Nº Rexistro: 61917
Data envío: 20/01/2020 10:59:50.670

4º) Promover unha campaña de apoio á profesionalidade e independencia do docente e de apoio á liberdade de cátedra para que fomente unha educación baseada na liberdade de pensamento e o desenvolvemento da capacidade crítica do alumnado.

5º) Reforzar a autonomía dos órganos directivos dos centros educativos como pezas chave para a mellora do noso sistema educativo e como medio para garantir o cumprimento do artigo 27 sobre o dereito á educación e o seu desenvolvemento, recollido na Constitución.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 10:56:16**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 20/01/2020 10:56:33**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 11:24:29
Nº Rexistro: 61923
Data envio: 20/01/2020 11:24:29.024

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o proxecto de ampliación da estrada LU-231 e os prexuízos da mesma nun espazo Reserva da Biosfera.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación para a defensa do patrimonio de Galiza (Apatrigal) puxo en coñecemento do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego as alegacións que presentou ao proxecto de ampliación da estrada LU-231 entre os concellos de Friol, Palas de Rei e Begonte.

Nas súas alegacións, a devandita entidade, advirte dos prexuízos que o proxecto –tal e como está deseñado pola Xunta de Galiza, ocasionará nun espazo Reserva da Biosfera ao talar as árbores que se atopan á beira da estrada. Trátase de especies autóctonas como freixos, bidueiras ou carballos que fan parte do patrimonio natural do país.

A decisión de ampliar até os 8 metros o ancho do vial para abrir dous carrís (un en cada sentido) responde ás demandas feitas en 2016 polos alcaldes dos concellos de Friol e Palas de Rei –na altura ambos os dous do Partido Popular-- co obxectivo de favorecer o tránsito de vehículos pesados, fundamentalmente camións.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 11:24:29
Nº Rexistro: 61923
Data envio: 20/01/2020 11:24:29.024

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, non fica claro que a Xunta de Galiza tivese en conta o enorme impacto que este proxecto de ampliación da LU-231 terá sobre o territorio e a paisaxe nin que se tivesen valorado alternativas que permitan mellorar o tránsito e a seguridade viaria ao tempo que o respecto ao medio.

Neste senso, desde Apatrigal denuncian non ter recibido resposta algunha da Xunta de Galiza ás súas alegacións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a paralizar temporalmente as obras de ampliación da LU-231 e a valorar alternativas que, mellorando o trazado e a seguridade viaria, respecten a paisaxe e o medio polo que transcorre este vial.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 11:24:29
Nº Rexistro: 61923
Data envio: 20/01/2020 11:24:29.024

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 11:03:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 11:03:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 11:03:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 11:03:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 11:03:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 11:04:05**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 13:56:29
Nº Rexistro: 61946
Data envio: 20/01/2020 13:56:29.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nada se move para ben no sector do leite. Todo é vello. As tendencias continúan manténdose nunha firmeza que alimenta a apatía no sector, a entrega a unha situación vella de perda de explotacións, aumento en número de cabezas nas que quedan, base territorial exigua na maior parte delas e sobre todo uns prezos por quilo de leite que nos discriminan se os comparamos cos do resto do estado e cos europeos.

O leite que se produce en Galicia ten, en xeral, uns parámetros de calidade superiores ós doutros lugares do estado. Non hai razón obxectiva, pois, para que os prezos que ofrecen as industrias en Galicia sexan inferiores, a non ser que se deba á oportunidade de facer negocio a costa da suor dos produtores galegos en base á cantidade de leite no mercado, ou (que tamén pode ser) que a debilidade estrutural do sector, a dependencia de procesados alleos e o desinterese do goberno galego pola súa saúde fagan del alvo fácil para as industrias depredadoras.

Así, Lactalis-Puleva, industria que recolle no noso país o 20% do leite producido está ofrecendo contratos para o 1 de marzo con prezos á baixa mentres en Francia aumenta o mesmo nun 7,5%.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As condicións ofrecidas neste contrato impiden a subida de prezos e alonxan ós produtores das tendencias alcistas continuadas do mercado. E este é o grande perigo porque as demais industrias están á espera, ó axexo, para medi-las súas ofertas ós seus produtores polo raseiro de Lactalis.

A proposta desta industria é dun prezo base de 29,5 céntimos, soamente medio céntimo máis ca en 2019 e condiciona a evolución deste a como o faga mes a mes o prezo medio galego comparativamente ó prezo medio de xaneiro deste 2020.

O bloqueo provocado polas industrias que operan con prezos semifixos ó longo do ano impide que as explotacións galegas se beneficien das recuperacións do mercado. Este bloqueo aumenta a diferenza por quilo entre Galicia e o resto do estado e sitúanos á cola desde hai xa anos.

A ausencia dun referente obxectivo de custe de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custes e a falla dun mecanismo de arbitraxe de parte da Administración galega fai que o sector estea explotado pola industria e a distribución.

Existe, pois, unha extorsión continuada ó sector leiteiro galego cando a industria polo mesmo produto e coas mesma calidades paga menos deste lado do Navia chegando a diferenza ós 4cts.

Non pode Mabegondo facer un estudo de custe de produción e de mercado que sirva coma referencia nas negociacións?

Non pode o goberno galego na lexítima función de defensa dun sector produtivo intervir cos medios de presión que ten ó seu alcance para arbitrar e mediar entre industria e produtores?



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 13:56:29
Nº Rexistro: 61946
Data envio: 20/01/2020 13:56:29.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Encomendar un estudo obxectivo de custes de produción que poida servir de referencia nas negociacións e nas relacións entre as industrias e os produtores.

-Exerce-lo lexítimo rol de arbitraxe nas negociacións entre industria e produtores.

-Recupera-lo organismo de interlocución no sector lácteo como era a Mesa do Leite, onde se trataban tódolos temas que tiñan relación co sector lácteo do noso país con claros beneficios para o mesmo."

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 12:40:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 12:40:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 12:40:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 12:40:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 12:40:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 12:40:48**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:25:04
Nº Rexistro: 61958
Data envío: 20/01/2020 17:25:04.739

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

### 1. Orixe da polémica.

Estes días a extrema dereita levou aos medios de comunicación a proposta da **censura educativa** ou suposta conveniencia de que sexan as familias as que dean o consentimento para a asistencia das menores de idade a actividades complementarias impartidas durante a xornada escolar e que versan sobre educación nos valores de igualdade, diversidade respecto e tolerancia.

A iniciativa, que supón unha involución en termos democráticos para a educación das nenas e nenos, foi acollida con grande entusiasmo por algún líder estatal da dereita española do partido popular, malia que este partido nin sequera a levaba no seu programa electoral.

### 2. A proposta atenta contra os dereitos fundamentais.

Esta proposta é unha medida completamente inconstitucional por vulnerar o dereito á educación recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948, na Convención dos Dereitos do Neno/a de 1989 (artigos 28 e 29) e atenta tamén contra o dereito ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade. Na CE o dereito á educación contense  no artigo 27, no que expresamente se di que

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todas as persoas teñen dereito á educación, e recoñécese tamén a liberdade de ensino, tendo este por obxecto o desenvolvemento da personalidade humana sempre no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

**3. Galicia ten a última palabra: Si á educación. Non á intolerancia.**

Galicia ten competencia plena en todo o que atinxe a regulamento e administración do ensino, en toda a extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades sempre con respecto ao artigo 27 da CE e á Lei Orgánica de Educación 2/2006. A lei orgánica 8/2013 modificou a definición de currículo da propia LO de educación realizando unha distribución competencial entre Estado e CCAA, e centros educativos, deseñando o currículo básico para asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio estatal das titulacións ás que se refire a Lei Orgánica.

No artigo 3 do Decreto 105/2014 que establece o currículo da educación primaria en Galicia no que se sinalan os obxectivos da educación primaria sinálanse entre outros os seguintes *"a) coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática; c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. d) coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos, k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas*

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual."*

Esta medida da censura educativa, foi recentemente tomada en comunidades autónomas como a de Murcia, obviando o dereito fundamental a recibir á educación, no que ademais se contravén a normativa e a autonomía de cada centro escolar, que pode determinar e concretar o currículo escolar do que forman parte estas competencias propias de cada un dos centros educativos.

Galicia é un país democrático que quere educar ás xeracións mozas na igualdade, a tolerancia e o respecto aos dereitos dos demais, e por iso quere rexeitar medidas destas características.

**4. O papel dos centros educativos. Dinámicas de igualdade e tolerancia que se pretenden censurar.**

Son os centros escolares os que establecen a regulación das actividades complementarias nos colexios e institutos. Por tanto, os que definen o seu currículo a través do claustro de profesores do que despois se da conta ao consello escolar. As actividades complementarias desenvólvense no horario lectivo e son obrigatorias para todo o alumnado e avaliables, co que os/as proxenitores non poden negarse a que as persoas menores de idade reciban este tipo de formación. Os talleres complementarios inclúense na programación anual dos centros públicos escolares e son accesibles a todas as persoas.

A programación dos centros decídese no centro escolar a través do claustro escolar composto polas profesionais docentes e a dirección do centro. Estes claustros teñen as competencias para elaborar os proxectos do centro e a programación xeral anual e ademais aproban e avalían a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual. Estes talleres que aproba o claustro despois preséntase no consello escolar, no

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que están representadas as familias, o persoal administrativo, o alumnado, e ademais posteriormente supervisados pola inspección educativa.

Os contidos destas aulas, que agora a extrema dereita quere prohibir, co aplauso entusiasta da dereita, son os seguintes:

- Formación sobre igualdade, na que inda queda un treito longo por acadar e da que é máxima expresión a Lei de igualdade 3/2007 para acadar en todos os termos a igualdade entre mulleres e homes.
- Formación sobre a exposición dos dereitos da comunidade LGTBI, que contribúen á normalización, aceptación, tolerancia e respecto ás diversidades de todo tipo.
- Formación sobre a inclusión das persoas con discapacidade para remover os atrancos na integración e na construción dun mundo máis colaborativo e democrático que renuncie á imposición de censuras e retrocesos que nos levarían de volta á situacións do pasado totalitario en canto a dereitos fundamentais.
- Formación na lei contra a violencia contra as mulleres, da que aínda queda moito por facer e da que é máxima expresión a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Xénero e o recente Pacto Estatal contra a Violencia de Xénero, porque si que existe a violencia contra as mulleres, e negala non fai que esta desapareza.
- Educación sexual, en canto a saúde pública se refire, formación en canto a ETS, os virus como o VIH, reprodución, anticoncepción.
- Formación sobre os prexuízos do consumo de drogas (tabaco, alcohol, sustancias estupefacientes e trastornos derivados do seu consumo).
- Formación educativa baseada no respecto e tolerancia en canto ás diferentes formas de quererse e sobre todo respectarse, todo elo imbricado no acceso ás novas TIC e os perigos das mesmas no eido escolar, e por extensión social ao que se ve sometida a xuventude e a infancia.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**5. Censura dos valores na educación pública.**

O dereito das persoas menores a recibir unha educación integral no respecto ás liberdades fundamentais é algo básico nun estado que se proclama como social, democrático de dereito que propugna como valores superiores do ordenamento xurídico a liberdade a xustiza a igualdade e o pluralismo.

Non pode existir igualdade se non existe unha formación educativa integral que se basee no respecto aos valores superiores do ordenamento e ás liberdades fundamentais. Non se pode impor a través da censura educativa un retroceso no dereito a recibir unha formación integral nestes valores e no respecto ás liberdades fundamentais. É un dereito fundamental recoñecido na Constitución, no artigo 10 da CE, o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos das demais persoas, que son fundamento da orde política e da paz social.

O dereito á educación entronca directamente con este libre desenvolvemento da personalidade. Son os poderes públicos os que promoven as condicións favorables para a promoción das condicións nos que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nas que se integran sexan reais e efectivas e isto inclúe porén o dereito a educación sen censura. Non pode existir igualdade entre mulleres e homes se xa se recorta o dereito á recibir educación sobre as desigualdades hoxe existentes, e tamén, se non se ten conta a desigualdade no tratamento da sexualidade, no respecto ao próximo, se non entendemos as súas diferencias non poderemos respectar o pluralismo e a diversidade, dentro da diferencia.

A censura retrotráenos ao séculos pasados, nos que por exemplo as mulleres non participaban na vida política deste país, que se conseguiu no ano 1931. Os dereitos da comunidade LGTBI tampouco existirían de non ser polo progreso, a educación e os valores que van evolucionando conforme o fai a sociedade. O respecto empeza por un mesmo e esténdese cara aos demais. Non pode haber

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

diversidade, nin progreso nin evolución se non hai respecto á identidade das outras persoas.

**6. En Galicia a Xustiza xa se pronunciou en contra da censura educativa.**

Dende En Marea queremos lembrar que a censura educativa xa foi PROHIBIDA en Galicia mediante catro sentenzas do TSXG ditadas no ano 2012, ante o intento do PP de Feijoo de que fosen os pais, e non a administración, quen decidisen en que lingua se impartirían as materias troncais.

Concretamente, o TSXG determinou que a Xunta estaba a "vulnerar a configuración do dereito fundamental á educación" recollido na Constitución, posto que "os poderes públicos teñen encomendada a programación xeral do ensino, de cuxa potestade a Administración (...) non pode abdicar, sometendo a votación un aspecto tan fundamental como a lingua". A elección familiar, matizaba, restrínxese unicamente á decisión de se o alumnado cursa ou non a materia de Relixión.

**7. En síntese, unha educación para todas e todos baseada nos valores democráticos.**

En Galicia o goberno do PP debera ter aprendida esta lección constitucional, e para asegurarnos disto, traemos o debate á cámara para desterralo da política galega.

Co precedente asentado nas declaracións xudiciais que o consagran, queremos reafirmar colectivamente que a escola é o lugar que forma en valores democráticos a toda a xente moza, aínda que os pais non queiran oír falar de democracia, igualdade, tolerancia e respecto.

Os pais non teñen dereito a que a escola lles esconda aos seus fillos e fillas o acceso a os valores democráticos, e polo tanto a administración non ten dereito a

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

configurar o ensino de forma que selectivamente se lles poda negar ás nenas e nenos o acceso á luz que dá na vida a aprendizaxe en igualdade, respecto, diversidade e tolerancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rexeitar a censura educativa que se pretende impoñer baixo o falso debate da conveniencia de realizarse o acceso aos valores democráticos só co consentimento das familias, xa que o currículo educativo é público e faise baixo criterios profesionais conforme a Lei orgánica de educación e con respecto aos principios constitucionais, deberes e dereitos fundamentais no marco competencial das CCAA, Estado e centro educativo e o respecto a os tratados internacionais nos que o Estado é parte.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Francisco Casal Vidal
Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Luis Villares Naveira na data 20/01/2020 17:21:27**

**Paula Vázquez Verao na data 20/01/2020 17:21:41**

**Francisco Casal Vidal na data 20/01/2020 17:21:53**

**David Rodríguez Estévez na data 20/01/2020 17:22:28**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:32:30
Nº Rexistro: 61966
Data envío: 20/01/2020 17:32:30.788

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Carmen Santos Queiruga e Julia Torregrosa Sañudo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A loita contra a corrupción segue a ser unha das grandes materias pendentes do Goberno e da Administración galega. Pese á lexislación e medidas de lavado de faciana e de márketing do PPdG, claramente insuficientes, para conseguir titulares nos medios simulando unha loita contra a corrupción e a falla de transparencia na xestión da Xunta que non é tal, algo que é o xeito habitual de facer dos gobernos Feijóo.

Unhas medidas e unha lexislación insuficiente non deixan de ser un mero medio de seguir facendo exactamente o mesmo pero tentando dar a imaxe de que se cambiaron cousas e que se puxeron enriba da mesa medios para combater a falla de transparencia e a corrupción que tantas décadas levan castigando e destruíndo o noso país: Galicia é o claro exemplo disto. Afirmamos esta premisa porque constatamos polo arquivo de macrocausas e pequenas causas indistintamente, por falta de medios, erros procedementais por falla de vontade de dar formación ao persoal encargado, etc, ante o malestar xeralizado dos galegos e galegas; constatámolo polo que non se fai dende o goberno escudándose na Lei 1\2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno aprobada polo PP de Feijóo, sen dotación orzamentaria e sen vontade real de que sirva para o que expón o título

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

da propia lei; e constatámolo polo establecemento dun portal de transparencia carente da información realmente relevante para que cumpra a súa función de información para a cidadanía e que sirva como disuasión para os que levan facendo política cos cartos de todos e todas de xeito opaco, irregular ou fraudulento quedando como un intento baleiro de simular ser transparentes despois dos grandes escándalos de corrupción, e as imputacións por esta lacra nas filas populares maiormente, que se fixeron públicos e que resultou nun grande castigo electoral dende o ano 2015 en adiante, arrebatándolles poder municipal e no goberno do Estado.

Nós cremos que pese a esta lección democrática de rexeneración a través das eleccións, queda todo por facer.

A Administración paralela segue sendo opaca á cidadanía, que non pode acceder ao mesmo nivel de información que no caso da Administración xeral. A falla de transparencia oculta nunha transparencia ficticia, ou claramente insuficiente, é un caldo de cultivo excelente para prácticas corruptas e ineficientes, polo que hai que rematar con ela. Por iso, hai que apostar ademais por unha mellora dos sistemas de procura existentes para que á cidadanía lle sexa máis sinxelo acceder á información.

Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1- Mellorar o Portal de Transparencia da Xunta de Galicia polas súas diversas carencias de accesibilidade, contidos e información pública.

2- Crear portais de transparencia propios para os entes instrumentais e as grandes empresas públicas, tales como o SERGAS ou a CRTVG.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Julia Torregrosa Sañudo
Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 20/01/2020 17:25:51**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 20/01/2020 17:26:03**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) procede da Granxa-Escola Experimental da Coruña, creada en 1888 e ten, por tanto unha linga historia de máis de 130 anos. Superou dúas guerras mundiais e unha guerra civil até chegar a hoxe.

Nos anos 70 do pasado século (1973-75) coa axuda dun préstamo do Banco Mundial establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

O estudo de sistemas de produción, desde un punto de vista aplicado, é complexo, xa que integra disciplinas relacionadas co estudo dos solos, da fertilización, das sementes, das técnicas de cultivo, mellora xenética, mecanización, ensilado, valor



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nutricional das forraxes, alimentación animal, calidade dos produtos animais, custos de produción e economía das explotacións, etc.

A finalidade do CIAM estaba orientada á mellora das producións gandeiras baseándose no aproveitamento dos forraxes propios da España húmida por medio dunha investigación de alta calidade científica.

Para poder cumprir este obxectivo fíxose unha selección de mozos e mozas titulados/as de grao superior e medio en áreas agrarias e enviáronse a prestixiosas institucións estranxeiras onde se formaron nas diversas disciplinas e adquirindo os máis deles, títulos de post-grao (PhD. ou doutoramento, Master of Science...) e constituíron un conxunto de investigadores altamente especializados que regresaron a Galiza.

O seu traballo xunto co da Agencia de Desarrollo Ganadero e co Servizo de Extensión Agraria foron os verdadeiros motores do desenvolvemento e especiallización gandeira do rural galego de fins do século XX

O mantemento da investigación en sistemas de produción require contar con persoal auxiliar de laboratorio e de campo, para atender á diversidade de tarefas realizadas: o laboreo do terreo, fertilización, sementeira dos cultivos, colleita, ensilado, manexo dos animais, muxido do leite, etc.

Por iso as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O deseño do estado das autonomías e as transferencias de competencias á Xunta de Galicia integran o CIAM coma unha unidade con categoría de servizo integrada na Consellería de Medio Rural, o persoal investigador ten a condición de funcionario transferido á comunidade autónoma e por tanto forma parte do cadro de persoal funcionario da Xunta.

A cortedade de miras e a escasa valoración de parte dos sucesivos gobernos, (case monopolizados pola dereita), do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ó CIAM, producíndose por medio de convocatorias xeralistas de corpos de funcionarios da Administración, que non sempre foron exitosas, toda vez que o paso polo CIAM era unha forma de achegar-se á capital, en determinados casos.

As escasas veces en que esta se producía, a cobertura de postos onde non había especialistas implicaba unha formación autodidacta e pouco efectiva, toda vez que non existía o recurso á formación especializada como na etapa preautonómica.

Transcorridos 35 anos da entrada en funcionamento do CRIDA-01, aquel persoal investigador formado nos mellores centros do mundo acada a idade de xubilación cunha frecuencia moi superior á rexistrada en calquera outro servizo, empezando a producir-se unha marcada redución do cadro de persoal.

Os recursos para investigación son cada vez máis difíciles de conseguir, esixíndose unha maior especialización, competitividade e tamaño dos grupos nas convocatorias públicas, incluídas as do INIA, abertas agora a universidades e CSIC. Os fondos, ademais, son progresivamente redirixidos a empresas (moitas delas PEMES) procurando unha maior participación e implicación do sector privado na I+D+i e



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurando unha maior taxa de transferencia das investigacións aos usuarios finais. Ambas actividades requiren unha alta calidade científica nos grupos de investigación.

Durante o goberno bipartito, desde a consellaría do Medio Rural, dirixida polo BNG toma-se a decisión de recuperar a capacidade investigadora dos centros e posicionar definitivamente ao CIAM como centro de referencia en investigación en materia de produción animal baseado en pastos e forraxes.

Realízase un proceso de selección de persoal investigador en determinadas áreas, gran parte do cal estaba formado nos centros (doutores e doutoras dos programas INIA). Ao CIAM se incorporan 4 doutores/as e 2 tecnólogos como persoal laboral do INGACAL, en base ao orzamento de postos vacantes de persoal funcionario. Neses momentos o cadro de persoal investigador fixo do CIAM (entre persoal funcionario e laboral) é dunhas 30 persoas.

Este proceso de rexuvenecemento, recuperación e modernización vese interrompido pola entrada do PP no goberno tras as eleccións de 2009 comezando de novo esa lenta agonía e deterioro no que se encontra dez anos despois.

O goteo de xubilacións continúa e a pesar das incorporacións producidas en 2009, empezan a quedar desertas áreas chave de investigación, como a mellora xenética de millo, pasando o CIAM de ter un alto prestixio en Europa ao peche de facto desta área.

O persoal doutor, especialistas formados polos investigadores que se xubilaron no CIAM, non ten forma de continuar no centro, tendo que marchar do mesmo.

O INIA perde gran parte da súa capacidade de xestión ao saír da esfera do ministerio de Agricultura e pasar ao ministerio competente en ciencia e innovación, co

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cal a competencia polos fondos estatais é cada vez máis acentuada e a capacidade do CIAM de obter recursos por esta vía, cada vez máis limitada.

Non se ten acceso ós fondos manexados polo GAIN, rompendo o compromiso adquirido coa creación da Secretaría xeral de I+D producíndose unha redución na dotación de fondos propios libres para gasto corrente. Baixo a dependencia do CIAM do estamento forestal por primeira vez na súa historia, os fondos baixan de aproximadamente 450 mil euros a 150 mil, insuficientes para pagar a electricidade e os combustíbeis de calefacción, maquinaria e transporte.

A actividade nos centros íase mantendo, mercede ó esforzo do persoal investigador, que se implica en numerosos proxectos os cales son cada vez máis difíciles de xestionar. Por unha banda, unha importante parte do esforzo diríxese á execución dos proxectos FEADER impulsados por empresas do sector que seguen confiando na capacidade tecnolóxica do CIAM. Por outra, na execución de contados proxectos que se poden aínda conseguir nas convocatorias públicas do ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Sen embargo, a perda progresiva de músculo investigador no CIAM indica que esta situación está baixo ameaza, e non se pode manter por moito tempo.

Tras a creación da AGACAL a mediados de 2018, que integra ademais de toda a estrutura de investigación do CIAM (4 estacións experimentais) e da EVEG (2 estación experimentais) as 6 escolas de formación da consellaría, o CIFOR de Lourizán e grande parte da Subdirección Xeneral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, vendo a disposición do seu director xeral e que o deterioro non ten a onde ir a máis, parece renacer un xeito de esperanza na revitalización da investigación pública ó servizo do medio rural.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envio: 20/01/2020 17:45:52.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a creación da Axencia ata hai poucos meses sucédense promesas de mellora e de dar solución á lamentable situación do CIAM e da investigación pública. Reunións de traballo co Conselleiro, coa Dirección Xeral... pero nos orzamentos aprobados para 2020 non figura ningunha partida para as melloras básicas prometidas.

De non haber un contundente plan de recuperación de medios humanos (en primeiro lugar) e de medios materiais (en segundo lugar) o CIAM (e por extensión o conxunto de centros públicos de investigación agraria da Xunta, xa que a problemática é común) encamiñase á irrelevancia como instrumento de xeración de coñecemento útil para o medio rural galego.

Coñecemento que hoxe é máis importante ca nunca, se cabe, para que o sector agrogandeiro galego poida enfrontar os retos presentes e futuros que configuran, por un lado o proceso de cambio climático e a competencia de mercados cada vez máis abertos e globais.

A investigación que se realiza no CIAM non é cuberta polo sector privado, de forma que a desaparición da capacidade operativa deste centro será substituída por nada.

Quen se encarga de estudas, por exemplo, as características diferenciais das nosas producións (carne, leite e outras)?; Quen da calidade ambiental dos nosos sistemas produtivos; Quen das emisións de CO2 das explotacións gandeiras galegas e a potencial avantaxe competitiva fronte outras zonas produtivas? Quen da mellora da calidade das forraxes? Quen da utilidade da riqueza xenética gardada nos bancos de sementes para enfrontar os retos ambientais do cambio climático ou a aparición de novas pragas e enfermidades? Quen...?



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envío: 20/01/2020 17:45:52.184

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

Establecer, no prazo de tres meses, un plan estratéxico, para a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en materia de investigación agraria, que permita a actuación inmediata para a recuperación da capacidade investigadora do CIAM e demais centros públicos de investigación dependentes da consellaría do Medio Rural. A actuación estratéxica contará, como mínimo, dos seguintes planos:

a) Medios humanos: cobertura en 2020 dos postos de investigación vacantes mediante procedementos que permitan a selección de persoal doutor especialista nas diversas liñas de traballo desenvolvidas no CIAM, dacordo coas necesidades de investigación aplicada encomendadas.

b) Medios materiais: dotación dun plan de adecuación de infraestruturas de investigación, incluídos equipamentos de laboratorio, instalacións agrícolas e maquinaria que permita resolver a obsolescencia dos recursos dispoñíbeis actualmente e servir de referencia en materia de avances técnicos para o sector agrogandeiro.

c) Acceso a fondos de innovación xestionados polo GAIN: facilitar, en igualdade con outras entidades de investigación (universidades, CSIC e centros tecnolóxicos) o acceso a convocatorias de axudas para dotación de persoal investigador contratado e de apoio á investigación, infraestruturas e proxectos, atendendo ás particularidades da investigación aplicada realizada polo CIAM e os outros centros públicos de investigación dependentes da consellaría do Medio Rural.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Estrutura de xestión: dotar á AGACAL dos recursos necesarios para a realización dunha xestión áxil e eficiente, atendendo ás necesidades impostas pola diversidade de cometidos encomendados á Axencia."

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 17:12:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 17:12:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 17:12:29**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:45:52
Nº Rexistro: 61969
Data envío: 20/01/2020 17:45:52.184

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 17:12:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 17:35:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 17:35:33**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

O Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015 (cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de 27 de agosto de 2009. No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma.

Neste documento incluíanse varias partidas para rehabilitación que realmente seguen no caixón da Consellería de Vicepresidencia a día de hoxe. Unha desas partidas específicas -en concreto, de 2.224.000 euros- indicábase para a rehabilitación do antigo edificio de xulgados de Ferrol, partida que escasamente se debeu executar. Á carón desta construción, o "novo" edificio ten sufrido neste días as fortes chuvias da borrasca *Brendan*, que agravaron aínda máis os danos xa existentes no lucernario do edificio. A dita estrutura, tan danada que dende antes do Nadal se atopaba acordonada, cubriuse por orde do Goberno galego cunha lona, mais a lona cedeu nestes días e no edificio comezou a chover (pecháronse os corredores, as dependencias do Imelga e o Xulgado de Instrución número 5). Dende a Dirección Xeral de Xustiza din que a reparación está presupostada, mais non se atopa en ningún orzamento nin, é evidente, se ten executado. O Goberno ten comunicado a súa previsión de arranxo definitivo do lucernario "o máis axiña posible"; o malo é que nos xulgados de Ferrol levan así dende hai moitos anos e a nova estrutura non se ve por ningures.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao Plan de Infraestruturas Xudiciais (PIXG) 2010-2015, a executar na súa totalidade a partida de 2.224.000 euros que o dito plan contempla para a rehabilitación do antigo edificio de xulgados de Ferrol e a habilitar unha partida orzamentaria específica para executar o arranxo do lucernario e do resto de dependencias danadas do "novo" edificio, antes do remate da actual lexislatura.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/01/2020 17:44:53**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 20/01/2020 17:45:05**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 17:45:22**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/01/2020 17:45:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 17:45:50**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61996
Data envío: 20/01/2020 18:31:54.733

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común a Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e** do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, sobre a defensa dun ensino público en igualdade.

Exposición de motivos

A demanda continua por parte de grupos conservadores e ultraconservadores da introdución en educación do chamado " Pin Parental", que non é outra cousa que unha censura previa sobre a participación do alumnado en actividades complementarias dos centros, un auténtico veto educativo que propiciou que en comunidades como Andalucía ou Murcia, o Partido Popular e Ciudadanos sucumbisen ás esixencias de Vox e incluíuse nos orzamentos xerais desas comunidades.

É dicir, a escola estase convertendo nun espazo de batalla no que a dereita está tratando de implantar un modelo conservador e parcial. A escola pública recibe a diario ataques destes partidos no seu deber de educar en valores de igualdade, respecto e tolerancia. En definitiva, valores democráticos.

Nestes ataques adoitan xustificar e defender o uso deste tipo de censura apelando á liberdade de elección dos pais e nais. Con todo, é necesario recalcar que o dereito á educación e a liberdade de ensino consagrado na Constitución ten como fundamento a liberdade de pensamento e o desenvolvemento da capacidade crítica e a personalidade do alumnado fundamentada no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Nesa liña xa hai uns meses que Hazte Oír difundiu esta proposta en centros educativos do noso país. Unha campaña que dende o Grupo Común da Esquerda solicitamos que fora suprimida dos centros de ensino e que o Partido Popular votou en contra.

Este chamado “Pin Parental”, a censura educativa previa, supón un experimento que no seu día o partido Popular xa tratara de instaurar en Galicia respecto ao uso do idioma e que o Tribunal Superior botou abaixo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.-Manifestarse en contra da introdución da censura educativa defendida por Vox e apoiada polo PP e Ciudadanos noutros territorios.

2.-Blindar normativamente un ensino de principios de igualdade, convivencia, respecto e tolerancia que unha sociedade democrática debe transmitir a todos os alumnos e alumnas na educación obrigatoria, tal e como recomenda o Consello de Europa.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Paula Quinteiro Araújo
Marcos Cal Ogando
Vicevoceira e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61996
Data envio: 20/01/2020 18:31:54.733

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 20/01/2020 18:24:44**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/01/2020 18:24:55**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/01/2020 18:25:07**

**Marcos Cal Ogando na data 20/01/2020 18:25:18**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62017
Data envío: 20/01/2020 18:53:02.960

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e Encarnación Liñeiro Pouso, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Desde hai anos o casco urbano de Ribadeo vén padecendo, na época de calor, unha praga de mosquitos e moscas que afecta aos seus veciños e veciñas, así como a hostalería, prexudicando a esta na época do ano na que Ribadeo ten unha maior afluencia turística.

En xuño de 2019 os propios hostaleiros de Ribadeo, desesperados con esta praga de moscas e mosquitos, pedían solucións a Portos de Galicia para erradicar a praga alegando que o foco podería estar na madeira almacenada *sine die* no porto comercial de Mirasol, no que se atopan decenas de miles de toneladas alí depositadas desde hai anos.

O propio Concello de Ribadeo contratou a unha empresa especialista no tratamento de pragas, que aportou solucións para combater este problema: tratar a madeira ou retirala do Porto de Mirasol, xa que os tratamentos empregados polos hostaleiros para erradicar estas moscas e mosquitos de nada servirían se a madeira segue amontoada indefinidamente no Porto. Informe que lle reenviou o propio Concello de Ribadeo ao Goberno galego. No informe explican que os hostaleiros non son capaces de eliminar os mosquitos das súas ventás, aínda limpando e aplicando insecticidas todos os días, e que provocan incidencias incluso nas comidas.

Os hostaleiros de Ribadeo advertiron de novo estes días que o problema non está resolto e que volverá a aparecer cando chegue a calor. Por iso entenden que é urxente que Portos de Galicia actúe e retire a madeira que leva anos almacenada no Porto de Mirasol de Ribadeo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62017
Data envío: 20/01/2020 18:53:02.960

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte, no prazo máximo de tres meses, as medidas necesarias para que a madeira almacenada indefinidamente no Porto de Mirasol de Ribadeo sexa retirada co fin de erradicar o problema da praga de mosquitos e moscas que leva sufrindo o casco urbano desde hai anos na época de calor.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2020 18:30:58**

**Encarnación Liñeiro Pouso na data 20/01/2020 18:31:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 18:31:24**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62037
Data envío: 21/01/2020 09:28:02.123

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

A autoestrada que une Santiago con Ourense, un dos eixes de dinamización do interior de Galicia, e actuación preferente dentro do Plan de reequilibrio territorial do Goberno presidido polo señor Emilio Pérez Touriño, está operativo en todo o seu trazado dende o ano 2009. No seu conxunto, o eixo de comunicación que enlaza a capital de Galicia con Ourense ten unha lonxitude de 87 quilómetros - aos que hai que sumar os 11,5 quilómetros que hai entre a ligazón coa A-52 e a Ponte do Milenio- e está dividido en dúas partes ben diferenciadas en canto a competencias e peaxes. O proxecto iniciouse baixo o mandato do PP, decantándose entón a Xunta de Galicia pola modalidade de autoestrada de peaxe baixo a competencia do Estado. Así as cousas, o tramo entre Santiago e Dozón ten consideración de autoestrada, a coñecida como AP-53, e a titularidade do devandito trazado corresponde ao Estado. O resto da infraestrutura, os 32,4 quilómetros que van desde Dozón á A-52, é de titularidade autonómica, investindo a Xunta de Galicia un total de 178,9 millóns de euros na AG-53, como se coñece o tramo entre Dozón e a autovía Rías Baixas.

O goberno presidido por Touriño plasmou o seu compromiso e aposta polo desenvolvemento do interior de Galicia liberando de peaxe esta autovía, inaugurada en outubro do 2007 no Carballiño -o primeiro tramo entre Dozón e Cea- e que se completou en abril de 2009 coa apertura ao tráfico do trazado final, os 14,1 km entre Cea e a A-52.

Os investimentos acometidos pola Xunta de Galicia presidida polos socialistas, desagréganse nos 62,8 millóns de euros destinados ao tramo Dozón-Cea; os 89,4 millóns que custou o tramo Cea-Barbantes, os 4,4 millóns para a ligazón co municipio de Piñor, e os 22,3 millóns de euros que se investiron no ramal que conecta a AG-53 con Maside e O Carballiño.

O trazado desta vía de alta capacidade percorre os concellos de Punxín, Amoeiro, e Maside, na actualidade os dous primeiros non teñen aceso directo á mesma e a súa cidadanía non poden verse beneficiados e beneficiadas das vantaxes e o valor

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

engadido que supón o aceso a unha autovía. Tendo en conta esta situación, os representantes institucionais destes concellos solicitaron en numerosas ocasións dende a posta en marcha desta autovía, que a Xunta de Galicia proceda a efectuar as obras necesarias que fagan posible un enlace coa autoestrada que une Santiago con Ourense.

Os beneficios que esta actuación reportaría a estes concellos da provincia de Ourense son fundamentais para o seu futuro socioeconómico, xa que a conexión directa coa autovía melloraría a calidade da mobilidade da cidadanía, reduciría os tempos dos percorridos, e sería determinante para o desenvolvemento desta zona da Galicia interior.

O 9 de setembro de 2010 aprobouse por unanimidade na daquelas Comisión de Obras Públicas do Parlamento de Galicia, unha iniciativa do PSdeG transaccionada co PP na que se solicitaba á Xunta de Galicia *"a estudar a execución dun enlace de comunicación dos concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53, e que se poidan utilizar para iso as infraestruturas da futura área de servizo prevista no quilómetro 80+400 desta vía de alta capacidade que comunica Ourense con Santiago".* Dez anos despois deste acordo, non temos constancia de que o goberno de Feijoo puxera en marcha ningún tipo de actuación de cara a impulsar este enlace, e nin tan sequera se incluíu nestes 10 anos de goberno de Feijoo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proxectar, e dotar do orzamento preciso, a execución dun enlace de comunicación dos Concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53, e que se poidan utilizar para iso as infraestruturas da futura área de servizo previsto no quilómetro 80+400 desta vía de alta capacidade que comunica con Santiago.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/01/2020 09:18:34**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 62037
Data envio: 21/01/2020 09:28:02.123

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/01/2020 09:18:45**

**María Luisa Pierres López na data 21/01/2020 09:19:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/01/2020 09:19:46**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 12:02:01
Nº Rexistro: 62073
Data envio: 21/01/2020 12:02:01.854

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O DOG Nº 43, con data 1 de marzo de 2018, publicaba a Orde da Consellería do Medio Rural con data 26 de febreiro de 2018, polas que se establecían as excepcións ás normas de condicionalidade de aplicación de xurros e esterco da Orde do 6 de febreiro de 2018, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

A dita orde dispoñía as excepcións á norma da BCAA 6 recollida no punto 2 do anexo VII da Orde do 6 de febreiro de 2018, en relación coa aplicación de xurros nas superficies agrícolas, para os beneficiarios dos pagamentos e axudas establecidas no seu artigo 23, figurando como excepcións as seguintes:

1. A aplicación de xurros ou fraccións líquidas de dexeccións non se poderá efectuar con sistemas de aspersión con canón, a partir da data de publicación desta orde.
2. O resto de aplicacións de xurro con sistemas de abano, poderase realizar mentres non se resolvan os condicionantes que deron lugar á súa excepción.

Como segundo, tamén, engadía unha nova excepción ás establecidas na norma da BCAA 6 recollida no punto 2 do anexo VII da Orde do 6 de febreiro de 2018, en relación co enterramento dos estercos sólidos despois da súa aplicación, exceptuándose de tal obriga cando o uso do esterco se corresponda coas prácticas tradicionais.

Todas estas excepcións, son excepcións á normativa medioambiental europea, e que están permitidas ás comunidades autónomas, como así indica a normativa estatal no Real decreto 1378/2018, de 8 novembro, referente á aplicación en España da Política Agrícola Común. Real decreto que, nun futuro próximo, terá que ser modificado para evitar que os gandeiros do noso pais sexan penalizados nas axudas da PAC.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia, acolleuse sempre a estas excepcións, xustificándose nos condicionantes propios da nosa comunidade autónoma e explotacións, como son; as razóns orográficas, climáticas, e socioeconómicas. Pero, co compromiso de só mantelas namentres non se ultimaran os traballos e estudos relativos a poñer fin a estas especiais circunstancias.

Na actualidade, coa normativa europea en vigor desde o ano 2018, o que coñecemos é, que o Goberno galego se ten acollido a dúas moratorias, como anteriormente xa indicamos non coñecemos nada do resultado que deberían ter dado os estudos prometidos pola Consellería do Medio Rural desde hai dous anos. E, visto o visto, todo parece indicar que o fin último que motiva o acollemento a estas prórrogas, era, e segue a ser, evitar tan só o pago das multas aparelladas ao incumprimento da normativa medioambiental europea.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Que se rematen os traballos e estudos relativos ás especiais circunstancias da nosa comunidade e explotacións, co obxecto de pór fin ás prórrogas e cumprir a normativa ambiental europea, e, tamén para evitar que as nosas explotacións perdan vantaxe competitiva.

2º) Unha vez rematados estes estudos e analizadas as nosas circunstancias, indicar ao sector cales son os mellores métodos para a aplicación dos xurros e os máis adaptados as nosas peculiaridades (custo/beneficio).

3º) Establecer un plan de axudas para a modernización da maquinaria agrícola, co fin dunha pronta adaptación do sector ás novas directrices ambientais europeas.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 12:02:01
Nº Rexistro: 62073
Data envio: 21/01/2020 12:02:01.854

**Oscar Vilar Chento na data 21/01/2020 11:51:03**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/01/2020 11:51:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/01/2020 11:51:35**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62105
Data envío: 21/01/2020 14:07:27.277

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

No final dun ano ou inicio do seguinte os picos de afectación da gripe tenden a incrementar a actividade sanitaria en urxencias e, nos casos máis afectados, os ingresos hospitalarios. Estes problemas tenden a agravarse en casos de persoas con maiores dificultades, especialmente os nosos maiores que presentan máis dificultades para confrontar coa enfermidade.

A posible previsión temporal desta afectación permite prever un protocolo de actuación, e ter unha estimación de persoal necesario para incrementar no plano asistencial. A afectación do pico da gripe chegou este ano 2020 incluso máis tarde do previsto, co que non existiu problema de imprevisibilidade ou de inexistencia de profesionais a disposición.

Non en tanto, e como tende a ocorrer demasiado frecuentemente nestes recentes anos, foron coñecidas situacións de saturacións excesivas en centros hospitalarios de Galicia. Así, urxencias dos complexos hospitalarios de Santiago, A Coruña ou Ourense foron especialmente afectados polo incremento de pacientes.

Os protocolos de actuación deseñados pola Consellería de Sanidade son rácanos en recursos humanos, e buscan resolver a situación cunha moi limitada aportación de recursos e persoal a un sistema que xa ven sufrindo recortes nos últimos anos que reducen a súa capacidade asistencial. Engadido a isto, non é coñecido o plan de continxencia deseñado, que xa foi obxecto de solicitude durante os anos previos e nunca facilitado polo Goberno galego, o que impide aportar e ofrecer alternativas, tanto a profesionais como representantes sindicais e políticos.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62105
Data envio: 21/01/2020 14:07:27.277

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer público o protocolo de actuación e o plan de continxencia preparado para afrontar o pico da gripe previsto para este inicio de 2020.
2. Comprometer un incremento dun 5 % na dotación de recursos humanos para os servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia durante este ano 2020.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/01/2020 14:02:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/01/2020 14:02:28**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/01/2020 14:02:38**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62122
Data envio: 21/01/2020 15:38:16.109

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da esquerda, a iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, sobre a execución dos fondos FEDER para potenciar as políticas de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe mais recente sobre Avaliación dos Obxectivos e Resultados da Estratexia do Programa Operativo FEDER 2014-2020, elaborado pola Consellería de Facenda, a finais do ano 2018 a Xunta de Galicia tiña executado menos do 25% dos fondos FEDER recibidos para potenciar as políticas de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación.

A propia Consellería de Facenda cualifica como “baixo” o grao de eficacia financeira acadado a 31 de decembro de 2018 no Eixo 1, con 21.9 Millóns de € executados dun total de 178 Millóns de € asignados a este eixo no total do Período de programación, apenas un 11,7%, e moi lonxe dos obxectivos establecidos pola propia Xunta de Galicia para o ano 2018, fixados en 89 Millóns de €.

É especialmente preocupante que, transcorridas mais de dúas terceiras partes do período de programación, o grao de execución dos fondos destinados a I+D+I sexa tan baixo, e que existan prioridades de investimento vinculadas á Investigación e a Innovación, coma o *Investimento privado combinado con axuda pública en proxectos de Innovación ou I+D*, cun grao de execución inferior ao 5% do total dos fondos previstos, ou o *Número de investigadores que*

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62122
Data envío: 21/01/2020 15:38:16.109



*traballan en instalacións melloradas con infraestruturas de investigación*, na que a finais de 2018 non se tiña executado nin un só €.

Lonxe de acercarse ao obxectivo 1.7% do PIB, fixado pola Xunta de Galicia no Plan Estratéxico 20015-2020, nos últimos dez anos de gobernos do Partido Popular, o gasto en I+D+I en Galicia perdeu peso no conxunto do PIB, pasando do máximo nivel acadado no ano 2008, do 1.04% ao 0.94% no ano 2018.

Nese ano 2018, último ano con orzamentos liquidados, os recursos destinados inicialmente ás políticas de I+D+I foron minorados ao longo do exercicio en case 20 Millóns de €, un 12,7% dos créditos iniciais, e o grao de execución apenas acadou o 70% dos créditos iniciais.

Namentres, as universidades galegas languidecen por falla de fondos para o sistema de financiamento e a Xunta impulsa a creación dunha universidade privada, ao tempo que crece o número de investigadores galegos que teñen que procurar destinos no estranxeiro onde desenvolver as súas carreiras profesionais.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha as medidas necesarias que aseguren a execución do total dos fondos.
- Duplicar o gasto en actividades de I+D sobre o PIB para aproximarnos ao obxectivo marcado fixado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62122
Data envio: 21/01/2020 15:38:16.109

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/01/2020 15:35:51**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:28:30
Nº Rexistro: 62130
Data envio: 21/01/2020 17:28:30.647

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Xan Xosé Jove González e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Na sesión plenaria do 11 de setembro de 2018 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade, a partir dunha iniciativa deste grupo, o seguinte acordo:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan ás autoridades portuarias galegas os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previsto en cada unha delas e a asunción das cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.

2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria da Coruña, e dada a súa especial relevancia, tanto en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venda de terreos da súa fachada marítimo-portuaria:

2.1. Instar o Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Puertos del Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, ou, se for o caso, conceder as axudas

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:28:30
Nº Rexistro: 62130
Data envío: 21/01/2020 17:28:30.647



económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global do dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019.

2.2. Instar o Ministerio de Fomento a convocar, no menor prazo, a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM de 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

2.3. Instar o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria, o ADIF, o Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, a constituír un ente público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

2.4. Instar o Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira sen achega económica da Autoridade Portuaria da Coruña e, para tal efecto, demandar a correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente, tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado e ADIF como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre do dito exercicio. Do mesmo xeito, instar o conxunto de administracións e entidades portuarias estatais competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do Porto Exterior.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

3. Que solicite, a través dos seus representantes no Consello de Administración das autoridades portuarias galegas, a celebración de cadanseu consello de administración extraordinario para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento-Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 do presente acordo.

4. Trasladar o presente acordo ao Concello da Coruña, ao Ministerio de Fomento, a Portos do Estado, ás autoridades portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galicia, ADIF, así como ás Cortes Xerais e aos grupos parlamentarios do Congreso e o Senado.»

Máis dun ano despois a situación segue a ser a mesma e seguen sen atenderse estas demandas, o que no caso da Coruña é de especial gravidade xa que sobre a Autoridade Portuaria pesa unha elevada débeda que pon en perigo a súa viabilidade financeira futura e o futuro do borde litoral da cidade.

Ninguén na cidade nin na corporación do Concello da Coruña pode defender xa a enaxenación privada dos terreos portuarios a desafectar ou daqueles que xa foron desafectados no 2000 e que teñen a condición de patrimoniais , procedentes de recheos gañados ao mar e da propia desaparición de praias urbanas.

Enaxenacións que, por riba, tampouco darían solución á actual situación estrutural de débeda do porto da Coruña e ao reequilibro das contas.

Coñecemos que no marco das negociacións no Consello de Política Fiscal e Financeira asumiuse a demanda do goberno autonómico de Valencia para condonar débeda do Consorcio Valencia 2007, por un montante duns 350 millóns de euros, débeda derivada da organización da Copa América, da Fórmula 1 e

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:28:30
Nº Rexistro: 62130
Data envío: 21/01/2020 17:28:30.647

instalacións para deportes náuticos, e formalizada daquela nun préstamo ICO.

Esta condonación ao Consorcio Valencia 2007, sen vir acompañada dunha actuación análoga coa Autoridade Portuaria da Coruña, suporía un agravio comparativo para Galiza que non se pode tolerar, moito máis cando, como é o caso, na Coruña a débeda con Portos do Estado tivo por obxecto a execución dunha obra de infraestrutura portuaria, o porto exterior de Punta Langosteira, declarado de interese xeral do Estado.

A cidadanía coruñesa aposta moi maioritariamente por un futuro no que se recuperen os terreos do borde litoral e pasen a ter unha xestión pública que procure o interese xeral e fuxa da especulación inmobiliaria.

Así a Marea Atlántica ten apostado pola creación dun Consorcio como fórmula xurídica de cooperación institucional e xestión compartida, no que estivesen incluídos o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria, o ADIF, o Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia.

Tamén é unha realidade que a conexión ferroviaria é un factor fundamental para a viabilidade financeira e medioambiental futura do Porto da Coruña, e que non existen aínda garantías para o financiamento a través dos Orzamentos do Estado.

Unha vez que se formou o Goberno do Estado compre abordar todas estas cuestións para despexar o futuro da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate e aprobación en Pleno:

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:28:30
Nº Rexistro: 62130
Data envío: 21/01/2020 17:28:30.647

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Instar o Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Puertos del Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, ou, se for o caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global do dito préstamo, acordando para isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2020.

2) Instar o Ministerio de Fomento a convocar a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM de 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

3) Instar o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria, o ADIF, o Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, a constituír un Consorcio como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

4) Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno español a habilitar crédito axeitado no exercicio 2020 e seguintes para atender as obrigas económicas que se deriven da participación dos gobernos no Consorcio ou ente público que poida constituírse para a xestión de terreos portuarios do Porto da Coruña.

5) Esixir ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira sen aportación económica da Autoridade Portuaria da Coruña, e, a tal efecto, demandar a correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente, tanto

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:28:30
Nº Rexistro: 62130
Data envio: 21/01/2020 17:28:30.647



no Plan de Investimentos de Portos do Estado e ADIF como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2020, de xeito que poida ser licitada e dar comezo as obras neste exercicio.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González
Antón Sánchez García
Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 21/01/2020 17:26:20**

**Antón Sánchez García na data 21/01/2020 17:26:29**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 17:55:44
Nº Rexistro: 62140
Data envío: 21/01/2020 17:55:44.876

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na provincia de Lugo hai unha praga de rato-toupa que está afectando aos concellos de alta montaña, entre eles dos máis afectados As Nogais, Baralla, Navia de Suarna, Cervantes, Folgoso do Courel, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela que afecta a unha superficie, segundo a Xunta de 1630 hectáreas e 2995 parcelas e ronda o millón e medio de euros en perdas, nunha estimación de momento provisional por parte de sector primario.

Agora mesmo, a Xunta ademais de non dar solución ás perdas millonarias que van ter os gandeiros e agricultores pola falta de plantas (o rato-toupa come a raíz das plantas, impedindo que medre pois a herba que alimentará ao gando) permitiu que se fixese unha gran batida de raposas, depredador secundario do rato-toupa en Láncara, Triacastela e Sarria o sábado 18 de xaneiro de 2020.

O campionato galego de caza de raposo comezou ás 7.00 da mañá en Sarria con polémica. Íase celebrar en Monforte e suspendeuse porque non tiña permiso do Xefe de servizo Provincial do Patrimonio Natural de Lugo, da Consellería de Medio Ambiente; e trasladouse a Sarria, Triacastela e Láncara.
Podemos atribuír este exceso de rata toupa a causas naturais, e circunstancias excepcionais de alimento e reprodución e tamén, que non conten con número de depredadores naturais, entre os que se constata unha mingua constante de

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

raposos, á pouca supervivencia das crías destes e as batidas indiscriminadas autorizadas pola Xunta desta especie, consumidora en superficie das ratas toupa.

Non hai estudos fiables e non de parte, porque evidentemente a Federación Galega de Caza interésalle dicir que hai raposos en abundancia para que se celebren estes campionatos en Galicia. Non existen informes científicos que avalen nin a presencia descontrolada de raposos nos montes nin a súa caza para facer un control poboacional, xa que non hai un censo da poboación real dos mesmos.

A Federación Rural Galega (FRUGA) reclamou sen éxito a paralización do XXV campionato que se previa inicialmente na zona do Iribio, unha zona afectada pola rato-toupa, alegando xustamente que na zona de Triacastela e Láncara hai exceso deste roedor que complicaría inda máis xusto pola permisividade da Xunta na realización da cacería de raposos, que depredan os ratos-toupa na superficie, axudando ao seu control.

Denunciaron tamén tanto a FRUGA e o sector gandeiro e da agricultura as perdas calculadas arredor do millón e medio de euros, e que a Xunta non puxo ningunha cantidade enriba da mesa para axudar ás explotacións afectadas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Establecer unha liña orzamentaria de axudas para as explotacións afectadas pola praga de rato-toupa.

2.- Realizar as medidas necesarias que permitan minguar a presencia da rata-toupa, en colaboración coas explotacións afectadas.

3.- Suspender cautelarmente a caza do raposo, tanto en batidas como noutras modalidades de caza, nos concellos afectados pola praga de rato-toupa: As Nogais, Baralla, Navia de Suarna, Cervantes, Folgoso do Courel, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Realizar un estudio da presencia de raposos en canto a número de exemplares e a presencia de enfermidades nos mesmos que podan transmitir ás cabanas gandeiras.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Francisco Casal Vidal
Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 21/01/2020 17:47:56**

**Luis Villares Naveira na data 21/01/2020 17:48:05**

**Paula Vázquez Verao na data 21/01/2020 17:48:15**

**Francisco Casal Vidal na data 21/01/2020 17:48:27**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 18:22:25
Nº Rexistro: 62144
Data envio: 21/01/2020 18:22:25.449

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre a evolución das exportacións galegas no ano 2019.

Exposición de motivos

A economía galega crece menos que a media do conxunto da economía española. Segundo os datos mais recentes, no terceiro trimestre de 2019, o PIB galego medrou dúas décimas por debaixo da media da economía española en termos interanuais, acadando o nivel de crecemento mais baixo nun terceiro trimestre desde o ano 2014.

Este diferencial de crecemento negativo con respecto á media estatal explícase en parte por un comportamento diferencial das exportacións.

No ano 2018, a contribución do sector exterior ao crecemento do PIB galego foi negativa, e todo parece indicar que no 2019 volverá a selo.

Segundo os datos do Barómetro Exportador de Galicia (Baexga) elaborado polo Foro Económico de Galicia, no ano 2019 as exportacións galegas creceron por debaixo da media española en oito dos dez meses coñecidos. De feito, a economía galega é, no conxunto do Estado, a segunda que presenta un peor desempeño exportador, só superada polas Illas Baleares.

Ate setembro de 2019, en termos interanuais, as exportacións galegas presentan unha variación negativa do 6.1%, acumulando un diferencial negativo de 4.5 puntos porcentuais con respecto á media da economía española.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 18:22:25
Nº Rexistro: 62144
Data envio: 21/01/2020 18:22:25.449

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Esta evolución negativa non só se ve reflexada no volume das exportacións, senón tamén no número de empresas exportadoras. Entre xaneiro e setembro de 2019 o número de empresas exportadoras reduciuse en Galicia nun 1,5%, mentres que no Estado aumentaba nun 1,4%.

Este comportamento das exportacións, xa de por sí suficientemente preocupante, vese agravado polo feito de que tamén está a afectar aos dous sectores tradicionalmente mais exportadores da economía galega: o sector da automoción e o sector da confección téxtil, sen que, aparentemente, a Xunta de Galicia estea a adoptar ningunha medida para corrixir esta situación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

> O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar, coa maior urxencia posible, un Plan de Fomento das Exportacións galegas, que permita recuperar a competitividade dos produtos galegos nos mercados internacionais, aumentar o número de empresas exportadoras, e recuperar o ritmo exportador da economía galega.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Carmen Santos Queiruga
Luca Chao Pérez
Antón Sánchez García
Deputadas e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 18:22:25
Nº Rexistro: 62144
Data envio: 21/01/2020 18:22:25.449

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 21/01/2020 18:19:04**

**Carmen Santos Queiruga na data 21/01/2020 18:19:14**

**Luca Chao Pérez na data 21/01/2020 18:19:30**

**Antón Sánchez García na data 21/01/2020 18:19:44**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2020 18:24:51
Nº Rexistro: 62148
Data envío: 21/01/2020 18:24:51.715

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa, Luca Chao e Ánxeles Cuña**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

A mesma historia repítese tódolos anos. Dende a oposición denunciamos que en moitos centros escolares hai pingueiras, que as cafeterías non están acondicionadas, que non hai calefacción nas aulas... sen que o Goberno de Núñez Feijóo faga o que lle corresponde para solucionalo.

O presente curso comezámolo denunciando que numerosos centros volveran á rutina con obras pendentes de rehabilitación, vulnerando, deste xeito, o dereito a unha educación digna e de calidade. Foi o caso do CEIP de Cervo, do CEIP nº1 de Foz, do Instituto Monelos da Coruña e do IES de Arzúa, entre outros. Agora, cómpre sumar un centro máis á lista de agraviados pola mala xestión das obras.

O fin de semana do 18 de xaneiro os obreiro volveron ao colexio Frei Luis de Granada, de Sarria, para apuntalar os patios, os corredores e as aulas. Non é a primeira vez que acontece algo semellante no centro. Fai oito anos xa se tiveran que arranxar grandes gretas nas paredes.

Ante esta situación, a totalidade do claustro decidiu non dar clase e os pais e nais optaron por non levar aos nenos e nenas ao colexio. Os docentes esixen que a Xunta de Galicia garanta a seguridade do alumnado e do persoal do colexio antes de retomar a súa actividade normal.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Por todo o dito, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Asumir as demandas do profesorado, garantido a seguridade do alumnado e do persoal do colexio Frei Luis de Granada, de Sarria, así como a normal continuidade da actividade lectiva.

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo.
Ánxeles Cuña Bóveda.
Luca Chao Pérez.

Deputadas e voceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 21/01/2020 18:20:24**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/01/2020 18:20:42**

**Luca Chao Pérez na data 21/01/2020 18:20:53**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 10:49:43
Nº Rexistro: 62160
Data envío: 22/01/2020 10:49:43.462

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

O plan de vivendas baleiras é un programa deseñado pola Xunta de Galicia e posto en marcha en xuño do 2016 para a mobilización de vivendas baleiras en toda Galicia e a súa posta a disposición para o aluguer con prezos reducidos.

O fracaso acumulado ata o momento deste programa tense atribuído principalmente á falla de incorporación dos concellos ó mesmo.

Algo que parece non sosterse precisamente cos datos daqueles que si se sumaron, ó redor de 75 concellos.

Entre todos eles só teñen mobilizado un total de 25 vivendas, isto é unha vivenda por cada tres concellos. E tan só se teñen adxudicado 14 das 25 dispoñibles.

No seu día xa foi debatido en Comisión parlamentaria os factores que impedían que este plan prosperase axeitadamente, e tomando como base o que ten acontecido nos preto de 75 concellos incorporados ó plan.

A reticencia principal provén das persoas propietarias. E é que estes manifestan como pouco atractivo que a rebaixa considerable dos prezos de aluguer, respecto do mercado real, se vexa compensado tan só cun seguro de garantía de cobro de aluguer, ou unha pequena subvención para a súa mellora no caso de precisala.

Sabendo que cidades e vilas con demanda significativa de vivendas como Ourense, Cambre, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela, Marín, Arteixo ou Cangas do Morrazo si se teñen incorporado ó programa, e tamén con escaso ou nulo éxito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo, no primeiro trimestre do 2020, a revisión ó alza dos límites máximos dos prezos de aluguer

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

establecidos no Programa de vivendas baleiras, así como a sumar, ó resto de beneficios xa establecidos nas bases do programa para as persoas propietarias, a incorporación de beneficios fiscais que inclúan, entre outros posibles, a exención no imposto da renda dos ingresos do aluguer.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 22/01/2020 10:33:24**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2020 10:33:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:33:50**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 10:53:16
Nº Rexistro: 62166
Data envío: 22/01/2020 10:53:16.377

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

A xuventude galega podería apoderarse da mítica frase: "*Houston, temos un problema*". Pero neste caso, dicindo "Galicia, temos un problema". E é que a autonomía residencial da poboación moza en España, e tamén en Galicia, atópase en mínimos históricos.

Os últimos datos do informe do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España son claros ó respecto.

A opción de emancipación das mozas e mozos galegos entre 16 e 29 anos depende da cesión ou herdanza de vivendas familiares, a máis elevada de España. Mentres que aquelas e aqueles que non teñen esa opción privilexiada, quedan de forma máis severa que no resto de España excluídos do acceso á mesma tanto en réxime de propiedade como de aluguer.

De feito o informe expón como por si mesma, unha persoa moza galega dificilmente podería costearse a compra dunha vivenda libre xa que, nin lle sería posible dedicar menos do 30 % do seu salario neto ao pago das cotas hipotecarias (actualmente o custo de acceso ó mercado da vivenda ascende ó 49,6 %), nin é moi probable que estea traballando e, por conseguinte, poida acreditar unha fonte regular de ingresos, unha das múltiples garantías que se exixen cando se solicita un préstamo hipotecario.

As gráficas son claras, os que viven de aluguer apenas son o 50,2 %, cando a media estatal é case dez puntos superior. E as mozas e mozos que pretenden alugar en toda España, incluída Galicia, e en todos os rangos de idades superan o 30 % recomendado como máximo do salario a empregar para tal fin. En Galicia, no caso de mozas e mozos asalariados entre 16 e 29 anos dedican de media ó redor do 62 % do seu salario, un aumento de máis de 15 puntos desde o 2013, e no caso dos mozos entre 30 e 34 anos dedican o 44 %, case 9 puntos máis.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Coñecendo esta situación e que nin se está a fomentar vivenda pública de aluguer suficiente, nin a través das axudas de aluguer para mozos se ten conseguido cubrir máis do 8,4 % das peticións, deixando fóra a preto de 3650 mozos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Complementar a financiación estatal da convocatoria anual de axudas ao aluguer, incluíndo a liña B das mesmas, destinadas á xuventude galega, co fin de que ningunha persoa peticionaria neste 2020 e que cumpra as condicións establecidas nas bases quede fóra das axudas por falta de fondos.
2. Deseñar, antes da fin do primeiro trimestre do 2020, un plan de emancipación xuvenil que contemple medidas específicas no ámbito galego para este colectivo.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 22/01/2020 10:02:13**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 10:02:30**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:02:57**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 11:19:52
Nº Rexistro: 62182
Data envío: 22/01/2020 11:19:52.672

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Óscar Vilar Chento, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O modelo de política sanitaria da Xunta de Galicia, xunto coa levada a cabo, no seu momento, polo Goberno de Rajoy provocou, e segue a provocar, un especial deterioro, do sistema sanitario de Galicia.

Un especial deterioro que onde máis se está a manifestar e na atención primaria do rural. Unha atención primaria que nos últimos tempos vén sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implantación das políticas sanitarias, incluído o persoal profesional que traballa no sistema.

Os distintos recortes que soportan estes servizos básicos tradúcense na nula cobertura das ausencias, motivadas por permisos, vacacións, e baixas por incapacidade laboral que sofren os colectivos profesionais titulados, provocando todo isto un considerable empobrecemento na calidade do servizo.

Todos estes feitos indican que nos atopamos ante unha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos, froito, como xa se indicou, das políticas implantadas e levadas a cabo no últimos anos polo Goberno Feijóo.

Unha ineficiente xestión que dá lugar a numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, para logo ser o xerme dun foco continuo de protestas e manifestacións. As cales, en moitos casos, obrigan ao Goberno da Xunta a recuar, como o recente exemplo do anuncio da reapertura do paridoiro de Verín.

Esta problemática da deficiente atención primaria, que afecta en xeral a todo o que vive e reside no rural galego, tampouco é allea á comarca de Compostela. Unha comarca que nos últimos tempos sofre este continuo recorte de servizos nos seus respectivos centros de saúde. Especialmente nos servizos de atención pediátrica, como se ten posto de manifesto moi recentemente nos concellos de Touro e O Pino. Onde, o Sergas mantivo pechado “de facto” o servizo pediátrico

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 11:19:52
Nº Rexistro: 62182
Data envío: 22/01/2020 11:19:52.672

durante máis de dous meses ao negarse a cubrir a baixa da pediatra titular tras sufrir esta un proceso de incapacidade temporal.

Aínda que o caso de Touro e O Pino é o máis recente e notorio non é o único. Estes recortes nos servizos de pediatría danse de forma recorrente e ano tras anos, entre outros, nos centros de saúde dos concellos da Baña, Vedra, e Val do Dubra.

Un problema repetido no tempo que causa malestar entre a cidadanía, a cal demanda solucións.

Houbo distintos procesos de mobilizacións, hai máis programados, están rexistradas varias queixas por escrito dos usuarios que, tamén, demandan a cobertura destes servizos ás distintas corporacións locais e alcaldes.

Unha das últimas reclamacións é a do alcalde da Baña, José Antonio Pereira, solicitando por escrito á xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez Masid, e ao responsable da Dirección Primaria, Felipe Calle Velles, poñer fin a este tipo de recortes. Misiva, que a día de hoxe segue sen recibir resposta por parte de ningún responsable da Consellería de Sanidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos servizos de atención primaria para toda a comarca de Compostela, especialmente nos servizos de pediatría dos distintos centros de saúde.

2ª) Atender as solicitudes que trasladen os distintos usuarios, alcaldes/as, así como as das distintas corporacións locais, co fin de aclarar as situacións ante futuras problemáticas, e ofrecer sempre a información sobre as medidas que a consellaría levará a cabo.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 11:19:52
Nº Rexistro: 62182
Data envío: 22/01/2020 11:19:52.672

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 22/01/2020 10:50:52**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2020 10:51:03**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 10:51:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:51:33**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 12:20:03
Nº Rexistro: 62187
Data envio: 22/01/2020 12:20:03.211

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vemos con preocupación a situación na que se atopa o colexio Frei Luís de Granada de Sarria.

O edificio, inaugurado en 1974, presenta importantes deficiencias na súa estrutura o que está a provocar a aparición de novas gretas e o agravamento doutras que xa existían. Esta situación non é nova pois en 2011 foi preciso intervir sobre a infraestrutura nunhas obras que duraron dez meses e que obrigaron a reubicar o alumnado noutro centro.

As obras de 2011 supostamente corrixiran os problemas estruturais do edificio pero o certo é que non á vista dos acontecementos.

A Consellaría de Educación decidiu instalar a comezos de xaneiro puntais no patio así como en corredores e algunha das aulas para paliar as deformacións



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 12:20:03
Nº Rexistro: 62187
Data envio: 22/01/2020 12:20:03.211

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perante as denuncias da dirección e o profesorado do centro que advertían do empeoramento do edificio.

Neste contexto, desde o BNG compartimos a preocupación de docentes e familias pola seguridade do estudantado nun centro cuxa infraestrutura está deformada e agretada así como polos puntais instalados. Máis aínda cando desde a delegación da Xunta en Lugo aseguraban que o centro é seguro sen contar nin sequera cun informe técnico que así o corroborase.

De feito, en xuntanza coas familias, técnicos da Consellaría aseguraron que o edificio é defectuoso e que, en todo caso, era decisión das familias levar ou non as súas fillas e fillos ao centro nas condicións actuais.

É unha irresponsabilidade que a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, derive nas familias as súas obrigas e non adopte as medidas que correspondan para garantir a seguridade do edificio, do profesorado e do propio alumnado, mesmo se iso significa –como aconteceu en 2011-- que o estudantado teña que ser temporalmente ubicado noutro centro entretanto non se acometen as intervencións necesarias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer unha valoración integral do estado no que se atopa a estrutura do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria e a



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levar a cabo as actuacións que sexan necesarias para garantir a seguridade do edificio procurando unha nova ubicación para o profesorado e alumnado entretanto non se solucionan as deficiencias actuais."

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2020 12:05:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2020 12:05:30**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 12:20:03
Nº Rexistro: 62187
Data envio: 22/01/2020 12:20:03.211

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2020 12:05:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2020 12:05:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2020 12:06:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2020 12:06:17**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 12:45:07
Nº Rexistro: 62196
Data envio: 22/01/2020 12:45:07.424

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre a incorporación de Galicia como membro observador na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

Exposición de motivos

De acordo co espírito da coñecida como Lei Paz Andrade, LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, o 9 de outubro de 2018 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou unha resolución co apoio de todos os grupos da Cámara que dicía:

"O Parlamento insta a Xunta a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galicia como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, insta o Goberno galego a desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua e cultura portuguesas convocando prazas docentes de portugués na vindeira oferta pública de emprego dirixida ao ensino e a dotar de orzamento nas contas para 2019 a aplicación desta lei "

Una entrada que require, para facerse efectiva, do visto bo do goberno do Estado. Un ano despois da aprobación desta resolución de consenso na Cámara galega soubemos da intención do Estado español de solicitar a súa entrada, unha

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

solicitude que podería ir acompañada da solicitude galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Manter a candidatura de Galicia para a entrada na CPLP.
2. Instar ao Goberno do Estado a apoiar conxuntamente a candidatura de España e de Galicia, pois ambas son absolutamente compatibles, dando así cumprimento ao acordo parlamentario citado.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Paula Quinteiro Araújo
Marcos Cal Ogando
Voceira e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 12:33:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/01/2020 12:33:50**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 12:45:07
Nº Rexistro: 62196
Data envio: 22/01/2020 12:45:07.424

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Marcos Cal Ogando na data 22/01/2020 12:34:00**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/01/2020 12:35:43**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 13:30:58
Nº Rexistro: 62200
Data envio: 22/01/2020 13:30:58.816

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez e Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a ralentización do ritmo de crecemento da economía galega.

### Exposición de motivos

No terceiro trimestre de 2019 a economía galega volveu a medrar por debaixo da media do conxunto da economía española.

Nese trimestre, o crecemento do PIB galego foi do 1,7% en termos interanuais fronte a unha media de crecemento da economía española do 1,9%. Con este son xa tres trimestres consecutivos nos que a economía galega medra por debaixo da media do conxunto do Estado, acumulando un diferencial negativo no que vai de ano que evidencia un comportamento diverxente da economía galega con respecto á media estatal, con síntomas graves de esgotamento, tanto no que atinxe á produción industrial como ao comportamento do sector exportador.

A taxa de crecemento acadada pola economía galega no terceiro trimestre de 2019 foi a mais baixa desde o último trimestre de 2014.

De confirmarse esta tendencia, en termos interanuais, e segundo os datos publicados polo INE, o ano 2019 sería xa o cuarto ano consecutivo no que a economía galega presenta crecementos reais do PIB inferiores á media do conxunto do Estado.

As causas desta desaceleración da economía galega hai que buscalas

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fundamentalmente no comportamento da demanda externa, que por segundo ano consecutivo aporta unha contribución negativa á evolución do PIB galego, pero tamén a demanda interna, aínda mantendo taxas de crecemento significativas, amosa síntomas preocupantes na evolución da Formación Bruta de Capital, que no terceiro trimestre de 2019 presenta unha taxa de variación interanual moi inferior á dos últimos anos.

Do punto de vista sectorial, a ralentización afecta a todos os sectores agás o sector servizos, con especial incidencia no ámbito da produción industrial.

Esta ralentización do ritmo de crecemento da economía galega xa empeza a reflexarse na evolución do mercado de traballo, que no terceiro trimestre de 2019 acadou o menor nivel de creación de emprego dun terceiro trimestre desde o comezo da recuperación económica.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar un paquete de medidas de estímulo da economía galega, con medidas específicas para o fomento da produción e do emprego industrial, que permita recuperar o ritmo de crecemento da economía galega, evitando a recaída na recesión económica.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Luca Chao Pérez
Carmen Santos Queiruga
Antón Sánchez García
Deputadas e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 13:30:58
Nº Rexistro: 62200
Data envío: 22/01/2020 13:30:58.816

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 22/01/2020 13:08:23**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 13:08:36**

**Carmen Santos Queiruga na data 22/01/2020 13:08:48**

**Antón Sánchez García na data 22/01/2020 13:09:00**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SERGAS vén de facer recentemente públicos os datos semestrais da lista de agarda.

Deste xeito, os tempos de demora media para intervención cirúrxica sitúanse no segundo semestre de 2019 en 54,5 días en Galiza. Por áreas, redúcese a lista de agarda en Vigo a respecto do semestre anterior, pero sobe en Ourense (48,2 días), Lugo (42,7 días), Ferrol (39,2 días), Santiago (55,5 días), Coruña (63,8 días) e Pontevedra (35,6 días). Segundo os datos facilitados pola Xunta, nos pacientes con doenzas máis graves -prioridade - a demora media queda en 16,7 días e para os de prioridade 2, en 55,1.

Con respecto ao número de persoas en agarda, a 31 de decembro a cifra situábase en 35.720 persoas.

Ditos datos refírense ás listas de agarda estruturais, que o SERGAS publica semestralmente, conforme ao Real Decreto 605/2003.

Ao tempo, a Xunta sigue negando o acceso á información transparente sobre as listas de agarda non estruturais e as derivacións concertadas a centros privados. O día 13 de xaneiro de 2020 aínda se negaba a Xunta –en resposta parlamentar por escrito a unha petición de En Marea– a achegar estes datos desagregados por EOXI.

En lista de agarda non estrutural –e non contabilizada na estatística publicada polo SERGAS– están as e os pacientes non programables, aqueles que elixen pospoñer a súa

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

intervención ou nos cales se desaconsella a intervención por motivos médicos, pero tamén aquelas e aqueles pacientes aos que non se lle dá cita para consulta de especialidade, proba diagnóstica ou intervención cirúrxica por estar as axendas pechadas, por falta de persoal especialista ou por períodos de vacacións nos que non se cobren as vacantes. Tamén están aqueles/as pacientes que rexeitan operarse nun centro privado, e continúan en agarda no sistema público.

Deste xeito, hai constatadas agardas reais de meses ou dun ano ou máis.

A estes e estas pacientes, conforme á  Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, ofréceselles operarse nun centro privado, cos que o SERGAS ten concerto, unha situación que en moitos casos se ven na obriga de aceptar, aínda que prefiran operarse no seu centro público de referencia, porque non coñecen o tempo de agarda que lles queda no sistema público.

Por outra parte, aínda que o SERGAS afirma que os centros concertados cumpren "todos os estándares de calidade e seguridade", a realidade é que non contan coa garantía do sistema público de presenza de profesionais 24h/365 días, alén de que as rateos de persoal soen ser máis baixas.

Hoxe, a Memoria 2019 da Asociación "El Defensor del Paciente" (https://www.negligenciasmedicas.com/wp-content/uploads/2018/01/MEMORIA-20191.pdf) refírese a esta circunstancia, en numerosas ocasións denunciada pola sociedade civil en defensa da sanidade pública galega e polos grupos da oposición.

"Podemos observar que Galicia saíu da cola das listas de agarda cando os últimos anos sempre a atopabamos situada entre as peores. No entanto, do mesmo xeito que nos pasa coa comunidade madrileña, somos bastante incrédulos ante a cifra de 56 xornadas para intervención", expón a citada asociación, pois "34.468 galegos os que agardan", a sexta Comunidade Autónoma en canto a número de persoas en listas de agarda, sendo "as ramas médicas que saen maltreitas Traumatoloxía, Cirurxía plástica e Cirurxía maxilofacial". "Polas reclamacións que recibimos –sinala a Asociación-, constatamos que, do mesmo xeito

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que sucede con Madrid, chamouse a pacientes que estaban en demora cirurxica para informarlles de que as axendas estaban pechadas e que cando volvesen estar abertas xa se lles avisaría, está claro desaparecendo das mesmas mentres tanto, ese é o truco". "Outra opción é que acepten ir a unha clínica particular, é dicir, a finalidade do Sergas non é outra que a de terminar privatizando a sanidade pública", lamenta a citada asociación, que engade que "doutro xeito non se explican algunhas denuncias de situacións que de ningunha maneira rozan os 56 días de media para pasar por quirófano tales como cirurxías de xeonllo para 2021". "Ou tamén citas de máis dun ano e medio para Oftalmoloxía na área de Santiago e casos de máis de tres meses con cancro de próstata sen iniciar tratamento que denunciamos na Fiscalía".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Publicar a información sobre as listas de agarda non estruturais do SERGAS, desagregada por EOXI.

- Volver publicar os datos das listas de agarda con carácter trimestral.

- Establecer un calendario de actuacións tendente a minimizar o recurso do SERGAS aos concertos coa Sanidade privada.

- Incrementar os orzamentos en materia de Sanidade equiparándoos, canto menos, ao investimento sanitario en relación ao PIB coa media da UE.

- Presentar nesta Cámara, no prazo máximo de tres meses, un informe sobre rateos de persoal, especialistas de presenza segundo días laborais e fins de semana e festivos e segundo especialidades ofertadas de todos os centros sanitarios privados aos que o SERGAS deriva pacientes da lista de agarda.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:16:18
**Nº Rexistro: 62242**
Data envio: 22/01/2020 17:16:18.278

Santiago de Compostela 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 22/01/2020 17:13:35**

**Luis Villares Naveira na data 22/01/2020 17:13:47**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:18:26
Nº Rexistro: 62249
Data envío: 22/01/2020 17:18:26.419



**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda por iniciativa das deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez e Carmen Santos Queiruga e do deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a aplicación en Galicia das previsións contidas no artigo 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, no relativo á aplicación do recargo do IBI sobre vivendas baleiras.

Exposición de motivos

Coa finalidade de dinamizar o mercado de aluguer, incentivando aos propietarios a poñer no mercado aquelas vivendas que permanecen desocupadas durante a maior parte do ano, dando cumprimento ao principio constitucional do dereito á vivenda, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais introduciu, no seu artigo 72.4, introduciu a posibilidade de establecer un recargo de ate o 50% na cota do Imposto sobre Bens Inmobles para os "inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente".

Non obstante, a propia Lei de Facendas Locais relegou inicialmente a definición de "vivenda desocupada con carácter permanente" a un posterior desenvolvemento normativo que, na práctica, impediulle aos concellos a aplicación deste recargo.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Real Decreto Lei 7/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugamento modificou o artigo 72.4 da Lei de Facendas Locais para facer viable a aplicación dese recargo, máis seguiu remitindo a definición de "inmoble desocupado con carácter permanente" ao que establezan as normas sectoriais de vivenda autonómicas ou estatais con rango de lei.

Ate o momento, a Xunta de Galicia non ten impulsado ningunha modificación da lexislación sectorial autonómica que faga viable a aplicación das previsións do artigo 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a modificación da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, para definir o concepto de "inmoble de uso residencial desocupado con carácter permanente", aos efectos de facer viable a aplicación, por parte dos concellos, do recargo previsto no art. 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, coa finalidade de estimular o mercado de vivenda en aluguer.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:18:26
Nº Rexistro: 62249
Data envio: 22/01/2020 17:18:26.419

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Luca Chao Pérez

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 22/01/2020 17:03:00**

**Carmen Santos Queiruga na data 22/01/2020 17:03:09**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 17:03:18**

**Antón Sánchez García na data 22/01/2020 17:03:27**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:39:30
Nº Rexistro: 62266
Data envio: 22/01/2020 17:39:30.865

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A día de hoxe resulta innegable afirmar que un dos grandes retos aos que se enfronta a humanidade é ao do quentamento global, problema que suscita a necesidade de deter as emisións de gases de efecto invernadoiro, como xa quedara recollido no Acordo Climático de París en 2016. Ante estes obxectivos, é imprescindible acompañar as medidas de protección do medio ambiente, cun modelo de transición enerxética que avance cara a eliminación dos combustibles fósiles, é dicir, cara a descarbonización do sistema enerxético e a consolidación dun sistema baseado unicamente en enerxías renovables.

A pesares destas aspiracións, que dende o noso grupo defendemos como fundamentais para garantir un futuro sostible e socialmente xusto, non podemos eludir a realidade enerxética na que nos atopamos na actualidade; os combustibles constitúen na sociedade na que vivimos un ben de grande interese para a cidadanía, sendo produtos básicos cuxo acceso resulta necesario para que as empresas e familias galegas poidan desenvolver as súas actividades diarias.

Desta maneira, somos conscientes de que un cambio no prezo dos carburantes, ou unha modificación lexislativa que afecte ao acceso a estes recursos, pode

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

producir consecuencias de grande envergadura no nivel de benestar das galegas, e dende as institucións debémolo abordar cun grande interese e atención, mentres non se completa o proceso de transición ecolóxica acordado a nivel global.

Este é o caso do decreto lanzado pola Consellería de Economía en 2015, relativo ao fomento da apertura de novas estacións de servizo en Galicia, que na actualidade viuse modificado para afondar aínda máis na eliminación de restricións para a inauguración de máis gasolineiras na comunidade. Especificamente, a modificación do decreto elimina a necesidade de inscrición no Rexistro Autonómico de Instalacións de Distribución ao por Menor, como forma de autorización previa á apertura da estación, substituíndoo por unha simple comunicación por parte da Administración, co obxectivo de “evitar demoras inxustificadas no inicio da actividade das instalacións que están listas para entrar en servizo”, acompañada ademais dunha circular de “boas prácticas”, impulsada pola Xunta para instar aos Concellos a axilizar a tramitación dos expedientes de apertura.

Esta medida favorece directamente un modelo de negocio en auxe no resto do país, e que está afianzándose progresivamente no mercado; o das Estacións de Servizo Automáticas, tamén chamadas “estacións pantasma”, gasolineiras nas que non hai persoal, polo que os usuarios repostan persoalmente os seus vehículos.

O principal argumento en favor deste novo modelo de gasolineira estriba na súa competitividade; estas estacións ofrecen o carburante a prezos sensiblemente máis baixos que nas estacións tradicionais e atendidas, polo que repercuten positivamente no peto dos seus usuarios, e aínda máis nun contexto de subida

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:39:30
Nº Rexistro: 62266
Data envío: 22/01/2020 17:39:30.865

global do prezo dos combustibles, que en Galicia xa levan anos estando a niveis elevados, sendo unha das seis comunidades á cabeza neste apartado reiteradamente, ano tras ano.

De feito, a medida xorde da colaboración entre a Xunta e a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia na investigación sobre o alto prezo dos carburantes nas gasolineiras galegas, que situaban en 2018 ás 4 provincias galegas entre as 5 cos prezos máis elevados do país. A hipótese principal sostida por ambos órganos para explicar estes altos prezos é a da escaseza de puntos de venta na comunidade. Como consecuencia lóxica, propúxose a flexibilización dos trámites, como unha medida fácil e rápida, aínda que tamén moi irresponsable, para eliminar restricións á apertura de novas gasolineiras, que poidan paliar este déficit de competitividade no sector dos hidrocarburos.

Sen embargo esta hipótese dista moito de ser acertada, pois observando o estado do sector no resto do país, atopámonos que existen Comunidades, coma Estremadura, cunha maior escaseza de estacións de servizo, pero un prezo dos carburantes máis barato que en Galicia. Hai que recordar que a Xunta aplica o céntimo sanitario nos seus tipos máximos, 4,8 céntimos por litro, o cal contribúe aos elevados prezos destes recursos.

A cuestión resulta aínda máis sorprendente se analizamos o posicionamento da Xunta ao longo dos últimos 5 anos con respecto ao problema do prezo dos carburantes, pois en 2015 sostiña uns argumentos radicalmente diferentes aos que mantén na actualidade como base das súas políticas. Este repentino cambio de discurso, sumado á iniciativa que a Xunta amosa agora para apoiar a proliferación de estacións de servizo automáticas, suxire un alineamento do

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:39:30
Nº Rexistro: 62266
Data envio: 22/01/2020 17:39:30.865

executivo cos intereses das grandes empresas petroleiras, en prexuízo dos cidadáns galegos e os traballadores do sector.

Debemos recordar que fomentar a proliferación de gasolineiras desatendidas supón infrinxir a lexislación vixente en materia medioambiental, de seguridade e atención aos discapacitados; resulta unha grande irresponsabilidade permitir que persoas que non contan coa formación que se lle esixe aos traballadores do sector, manexen produtos de alto perigo para a saúde e o entorno sen unha mínima supervisión profesional, que garanta que se cumpran os requisitos de seguridade na repostaxe (motor apagado, luces apagadas, non fumar durante o proceso...) .

Ademais, estas gasolineiras non ofrecen servizos para a atención a persoas con mobilidade reducida e, polo tanto, resultan discriminatorias para certas persoas que non son capaces de utilizar os dispensadores ou os dispositivos de pago de maneira autónoma, e tampouco contan con follas de reclamacións, elemento fundamental para garantir os dereitos de usuarios e consumidores.

Por último, non podemos omitir os efectos que ten a apertura deste tipo de estacións de servizo no emprego do sector das gasolineiras. A Federación Galega de Estacións de Servizo calculou que, contando as solicitudes de apertura que existen na actualidade, o incremento das gasolineiras "pantasma" pode chegar a destruír entre 500 e 600 empregos soamente en Galicia. Isto supón que cada nova estación sen persoal destrúe 4,5 empregos no sector. Ademais da FEGAES, os sindicatos e Facua, a organización galega de consumidores, tamén amosaron a súa preocupación ante o impulso dun modelo de negocio inseguro, discriminatorio e que crea precariedade no sector.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:39:30
Nº Rexistro: 62266
Data envío: 22/01/2020 17:39:30.865

Unha posible solución a este problema podemos atopala xa noutros lugares de España; polo momento, existen media ducia de comunidades autónomas que esixen persoal en todas as estacións de servizo mentres estean abertas: Andalucía, Aragón, Castela a Mancha, Baleares, Murcia, Navarra e Comunidade Valenciana.

Pero independentemente da medida que se decida tomar ao respecto, dende o Grupo Común da Esquerda entendemos que non se pode permitir que este novo modelo de negocio se estenda ao longo das estradas galegas sen atopar ningún tipo de control ou regulación por parte da Administración, dados os riscos e problemas mencionados anteriormente. É necesario impulsar unha lexislación adecuada que garanta a accesibilidade e a seguridade da cidadanía, e protexa os dereitos dos traballadores do sector, que están a sufrir unha forma de competencia desleal, que precariza a un sector que ata o momento mantén postos de traballo estables e regulados, e que presta un conxunto de servizos de calidade e accesibles para calquera cidadán.

Da mesma forma, resulta crucial realizar unha análise adecuada sobre a anomalía que constitúen os altos prezos pagados nas gasolineiras galegas, e esixir rendición de contas ás empresas responsables, no caso de identificar prácticas empresariais que vulneren a normativa sobre a competencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 45/2015,

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2020 17:39:30
Nº Rexistro: 62266
Data envio: 22/01/2020 17:39:30.865

do 26 de marzo, polo que se regula a implantación e posta en funcionamento de instalacións de distribución ao por menor de produtos petrolíferos, co obxectivo de deter a proliferación de estacións de servizo automáticas, exceptuando aqueles lugares de Galicia nos que existan problemas de abastecemento deste tipo de recursos.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

Asdo.: Luca Cha Pérez
Julia Torregrosa Sañudo
Voceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 17:37:36**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 22/01/2020 17:37:50**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 11:17:07
Nº Rexistro: 62297
Data envio: 23/01/2020 11:17:07.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa o futuro do CCG e o CGAI así como o investimento da AGADIC nas unidades públicas de produción e filmoteca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego vén denunciando o progresivo desmantelamento ao que, desde hai dez anos, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza condena os organismos e institucións culturais públicos.

Alén do recorte orzamentario que aínda mantén en niveis de investimento inferiores a 2012 a Consellaría de Cultura, nos Orzamentos para 2020 –como xa temos denunciado-- a Xunta de Galiza recorta de novo as partidas dirixidas ao Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o CGAI.

Se isto fose pouco, en resposta a unha pregunta oral formulada polo noso grupo, o conselleiro de Cultura avanzou a aprobación dun decreto de reforma dos estatutos da AGADIC que introducen mudanzas de calado na xestión das unidades de produción públicas, entre elas, a perda de autonomía de ambos os dous centros.

Recentemente, nunhas xornadas sobre a situación da Danza en Galiza organizadas polo Consello da Cultura, o director da AGADIC anunciou que desaparece



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 11:17:07
Nº Rexistro: 62297
Data envio: 23/01/2020 11:17:07.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a figura de dirección do Centro Coreográfico o que, xunto a un pírrico orzamento de 50 mil euros en 2020, supón a práctica desaparición deste centro.

De igual maneira, todo apunta a que a folla de ruta do Partido Popular na Xunta é que o mesmo aconteza co CGAI, actualmente sen dirección após a xubilación do anterior responsábel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a frear a política de desmantelamento do Centro Coreográfico Galego e a iniciar, decontado, o proceso de selección das novas direccións tanto no CCG coma no CGAI introducindo as medidas orzamentarias que correspondan para dotar do investimento necesario as unidades públicas de produción dependentes da AGADIC e o CGAI."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 11:17:07
Nº Rexistro: 62297
Data envio: 23/01/2020 11:17:07.694

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 10:51:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 10:51:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 10:52:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 10:52:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 10:52:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 10:52:38**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:20:05
Nº Rexistro: 62303
Data envío: 23/01/2020 12:20:05.312

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

No concello de A Cañiza, o consultorio de Valeixe ofrece servizo sanitario a un conxunto de 700 veciños e veciñas, aproximadamente, da propia parroquia e tamén dos limítrofes concellos de Arbo ou Crecente.

O contexto no que se ofrece este servizo é paradigmático do rural galego, tendo unhas poboacións dispersas e con idades moi avanzadas, que teñen problemas propios de mobilidade e con moitas dificultades de transporte. A inexistencia dun transporte público eficiente pon máis obstáculos para os desprazamentos, e evidencia a necesidade dunha atención primaria de proximidade, primando as necesidades por riba dos ratios estandarizados.

Non en tanto, nos últimos tempos existe unha elevada inseguridade entre a poboación sobre a garantía de asistencia sanitaria recibida, pois a xubilación do médico que ocupaba esa praza non conlevou unha nova praza para un novo profesional, senón que a cobertura ofrécese dende entón de maneira irregular, con horarios e días non continuados.

Esta situación forza a veciños e veciñas a desprazarse ao centro de A Cañiza, a varios quilómetros, o que provoca maior dificultade para pacientes e saturación do propio centro que acolle a un volume de usuarios superior ao que ten previsto. Esta situación xera demoras excesivas para a atención, que resultan un problema para un correcto seguimento dos e das pacientes.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:20:05
Nº Rexistro: 62303
Data envío: 23/01/2020 12:20:05.312

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir á maior brevidade a correcta atención sanitaria para a veciñanza que teñen como referencia o centro de Valeixe, ofrecendo solucións que melloren a inestabilidade actual que permitan a veciños e veciñas ter unha atención en continuidade e con regularidade.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/01/2020 12:14:01**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2020 12:14:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2020 12:14:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2020 12:14:32**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:31:04
Nº Rexistro: 62309
Data envío: 23/01/2020 12:31:04.425

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Desde hai uns anos incorporouse ao catálogo de probas diagnósticas dos distintos servizos públicos de saúde a dermatoscopia dixital.

O cribado con dermatoscopia dixital é unha proba diagnóstica na que se observan as pencas mediante unha cámara de aumento con luz polarizada conectada a un sistema informático. Permite facer un mapa corporal de todas as lesións pigmentadas e almacénase no sistema informático, o que facilita un seguimento personalizado da evolución dos lunares en cada paciente. Ademais é unha proba inocua para as e os pacientes e permite precisar nun alto grao o diagnóstico das lesións cutáneas, reducindo a práctica de biopsias e exéresis de lesións de forma innecesaria.

A dermatoscopia dixital foise implantando no sistema público galego nos hospitais de Lugo, Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela estando pendentes outros como os de Vigo e A Coruña que durante o proceso de implantación derivaba ás persoas a outros centros. Fai unhas semanas isto mudou, sendo rexeitadas pola dirección as derivacións quedando sen seguimento doentes de alto risco discriminadas en función da súa área sanitaria.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:31:04
Nº Rexistro: 62309
Data envío: 23/01/2020 12:31:04.425

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que a través do SERGAS dote a todas as áreas sanitarias de equipamentos e persoal necesario para levar a cabo dermatoscopias dixitais sen discriminación territorial.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Luca Chao Pérez

Voceira do G.P Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 12:26:19**

**Luca Chao Pérez na data 23/01/2020 12:26:30**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:45:38
Nº Rexistro: 62350
Data envío: 23/01/2020 12:45:38.868

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dos galego falantes na Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os galegas e galegos só atopamos dificultades para vivir con normalidade en galego. O noso idioma sofre marxinación en ámbitos tan diferentes como no ensino, na administración, na xustiza, no audiovisual, no lecer, medios de comunicación, edición de libros...

Ter unha lingua propia é unha riqueza, é un tesouro. Normalizar a lingua é normalizar a existencia plena do pobo galego.

Por iso é incomprensíbel que o PP, con Feixóo á cabeza, se empeñe en debilitar a lingua propio do pobo galego, facendo que perda protagonismo polas políticas de desprezo e agresión que practican.

Dentro do incumprimento xeneralizado por parte da Xunta de Galiza a Consellaría de Sanidade é das que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 12:45:38
Nº Rexistro: 62350
Data envío: 23/01/2020 12:45:38.868

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinaléctica nos centros sanitarios, os informes entregados os/as doentes, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial…

A situación é de tal gravidade que se lle nega o documento do consentimento informado en galego ás persoas que o solicitan, manifestando sen rubor, que non dispoñen dos mesmos no noso idioma; ou se chega á gravísima situación que tivo que vivir un neno e a súa nai no Hospital Álvaro Cunqueiro. A nai denunciou que tras acudir ao servizo de urxencias co neno, a pediatra que o atendeu esixiu que se dirixisen a ela en castelán, tendo que facer a nai de tradutora do seu fillo por medo a que de non facelo non fora ben atendido.

É inaceptábel que o Goberno galego na vez de impulsar o coñecemento, o uso e o respecto dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos sexa o principal incumpridor, e aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Consellaría de Sanidade a rectificar a súa política de agresión ao idioma galego e tomar de inmediato todas as medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos dos galegos:

1.- Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinaléctica, cartelería, documentación interna e na relación cos/as doentes



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar os doentes ou que teñan que asinar.

3.- Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que os/as profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender os/as doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten.

4.- Tomar as medidas disciplinarias precisas cos/as profesionais que se demostre que vulneren os dereitos lingüísticos das persoas galego falantes."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 12:21:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 12:21:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 12:21:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 12:21:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 12:21:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 12:22:02**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado e deputada, **Davide Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á tala de arbores da estrada LU-231 entre Friol e Palas de Rei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta vai dar comezo ás obras de ampliación da estrada LU-231 entre Friol e Palas de Rei, dentro da **Reserva da Biosfera,** cortando as árbores das marxes, cun investimento de 6.000.000 euros.

Cando o proxecto foi exposto ao público, a Asociación para a defensa do Patrimonio Galego fixo as alegacións pertinentes -en tempo e forma-, acompañando informe dun doutor enxeñeiro de camiños que ditamina que haberá accidentes no futuro, por incumprir normas técnicas.

A obra é innecesaria, porque segundo informe que dispoñemos circulan 70 vehículos por hora, o que non causa problemas. Dita asociación aportou solucións técnicas (como a mellora do firme e mellor sinalización) para mellorar a estrada, cun orzamento do 10% do que van gastar.

As reservas da biosfera son patrimonio da humanidade declaradas pola UNESCO/ONU polos seus valores patrimoniais co fin de conciliar a conservación da súa biodiversidade co uso sustentable, o desenvolvemento económico, a investigación e a educación.

Pódese e débese arranxar esta estrada sen cortar ningunha árbore. De facelo, estariamos atentando gravemente contra os valores medioambientais, paisaxísticos, etnográficos e culturais desta Reserva da Biosfera.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 13:26:53
Nº Rexistro: 62357
Data envio: 23/01/2020 13:26:53.056

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Frear inmediatamente o inicio destas obras de "mellora".

2. Crear unha comisión de estudo onde se inclúa a técnicos de Medio Ambiente, Medio Rural, Patrimonio Cultural e 2 membros da Asociación para a defensa do Patrimonio Galego.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputado, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 23/01/2020 13:23:57**

**Paula Vázquez Verao na data 23/01/2020 13:24:07**

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2020 13:24:16**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A celebración de pseudocampionatos para matar raposos e fornecer recompensas por este feito ten recibido unha forte contestación social no noso país ata o punto de que o pasado marzo de 2018 o Parlamento galego aprobaba, por unanimidade, unha Proposición non de lei, na que se instaba á Xunta a non colaborar nin subsidiar este tipo de convocatorias, a que os seus cargos non participaran dos mesmos, como era habitual na entrega de “trofeos” e solicitar do Goberno central a apertura dun debate acerca deste tipo de prácticas.

Non existe ningunha xustificación científica rigorosa para afirmar que é preciso autorizar competicións para masacrar a estes mamíferos e mesmo as convocatorias serven para tratar de lavar unha práctica rexeitada socialmente como se fora unha actividade deportiva calquera, pola cal as federacións perciben milleiros de euros, incluso para fomentar a caza entre a mocidade.

Ademais da falta de censos independentes tamén dende a Bioloxía diferentes expertos teñen advertido sobre o beneficioso papel dos raposos nos ecosistemas, como auténticos xestores da fauna e vectores fundamentais para a prevención de certas enfermidades existentes no medio natural, argumento que se suma ao feito

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de que estes campionatos supoñen unha presión inxustificada sobre as zonas onde se desenvolven, con ducias de cazadores e cans que poden acosar a outras especies, incluso en época de nidificación.

O emprego de munición de chumbo e as advertencias que se teñen feito dende as organizacións especializadas nas substancias químicas, como a ECHA europea, tamén subliñan o papel negativo dos campionatos para masacrar raposos nos ecosistemas da nosa provincia e de todo o país.

A todo isto súmase a absoluta opacidade coa que se organizan e realizan estas convocatorias, furtando o dereito de calquera persoa a coñecer en que lugares van ter centos de cazadores disparando durante toda unha mañá, poñendo en risco ás persoas que queren desfrutar un sábado practicando deporte no medio natural, recollendo fungos ou simplemente paseando, e dificultando tamén o lexítimo dereito á protesta activa daquelas persoas que así o consideran oportuno.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir os mal chamados campionatos de raposos en base ao principio de precaución mentres non conten con datos científicos que xustifiquen a eliminación en masa de individuos desa especie.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Deputado e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 23/01/2020 13:30:28**

**Antón Sánchez García na data 23/01/2020 13:31:04**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 13:48:19
Nº Rexistro: 62375
Data envio: 23/01/2020 13:48:19.220

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa dos seus deputados **Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, sobre posibilidades de pesca do sector do xeito.

**Exposición de motivos**

Os pasados meses de novembro e decembro así como o actual comezo de ano están sendo moi duros en canto a meteoroloxía se refire, así as rías galegas están sendo afectadas polo incremento das precipitacións que, incluído nalgún caso a apertura das comportas de determinados embalses, provocaron enormes riadas que afectan ao grao de salinidade das augas.

Esta situación provocou xa unha importante mortalidade nos moluscos obxecto de explotación nestas rías, e sobre todo sobre a semente que garantiría o actual exercicio.

A mortaldade provocada sobre todo no berberecho e a ameixa babosa pode colocar a moitas agrupacións de marisqueo en situacións límite durante o presente ano, así, tanto na ría de Noia como nas agrupacións de Carril e Vilaxoán, os datos de afectación son dramáticos e fai necesario unha actuación inmediata por parte da Administración para evitar un deterioro económico que nalgún caso pode ter sido provocado por intereses de multinacionais que explotan os nosos



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 13:48:19
Nº Rexistro: 62375
Data envio: 23/01/2020 13:48:19.220

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

recursos hídricos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Arbitrar un mecanismo fluído eficaz e obxectivo para que as mariscadoras poidan recorrer ao peche das explotacións cando se produzan situación de forza maior, que provoquen a baixada abusiva dos prezos ou a mortalidade das especies que se extraen .
- Introducir unha nova liña de axuda para as afectadas polas riadas dos últimos meses, nomeadamente para aqueles casos nos que non se poda acceder ás prestacións, tanto por falta de condicións temporais, como ausencia efectiva de peches.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda
Antón Sánchez García
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 13:48:19
Nº Rexistro: 62375
Data envío: 23/01/2020 13:48:19.220

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 23/01/2020 13:45:50**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2020 13:46:00**

**Antón Sánchez García na data 23/01/2020 13:46:11**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62381
Data envio: 23/01/2020 14:11:01.104

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre prevención da sinistralidade en espazos acuáticos.

Exposición de motivos

Nos últimos cinco anos estamos testemuñando en Galicia uns datos alarmantes sobre as cifras de afogamentos que se producen nas zonas acuáticas da Comunidade, abranguendo esta categoría tanto as praias, coma os ríos, as piscinas particulares e outros lugares que constitúen reservas de auga coma portos, pozos, embalses, depósitos ou lavadoiros. Os datos máis preocupantes alcanzáronse en 2016, contabilizando 69 mortes, e aínda que dende ese ano o número de óbitos vense reducindo, en 2019 asistimos a un incremento de cinco mortes en relación ao ano anterior, con 54 falecidos en total, cifra nada desprezable e que se achega progresivamente ao número de accidentes mortais que se producen nas carreteiras. Desta maneira, o número medio de afogamentos no último lustro en Galicia ascende a 54,2 mortes.

Estes datos resultan aínda máis sorprendentes se os sometemos a un análise comparativo co resto de comunidades do Estado español; Galicia é a cuarta Comunidade con maior número de mortes, só por detrás da Comunidade Valenciana, Andalucía e Cataluña, comunidades que, por outra banda, contan cunha costa moi extensa e unha poboación significativamente maior que a galega.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Se analizamos a taxa de afogamentos en base á poboación en 2019, Galicia conta con 2 afogamentos por cada 100.000 habitantes, sendo este dato sensiblemente maior ao das comunidades que a superan en número de afogamentos totais: a Comunidade Valenciana (1,22), Cataluña (0,75) e Andalucía (0,69). Podemos ofrecer un dato aínda máis revelador; Galicia rexistrou o 12,63% dos afogamentos totais que sucederon no país no último lustros, aínda que en termos de poboación total, soamente representa o 5,8% da poboación de España.

Pero a verdadeira cuestión radica, non no número de afogamentos, senón na seguridade da que os cidadáns galegos dispoñen cando realizan actividades ou visitan espazos acuáticos na Comunidade. Dos 54 accidentes ocorridos en 2019 en Galicia, o 96% (52) producíronse en espazos acuáticos sen vixilancia, unha cifra esclarecedora, que sinala inequivocamente unha das principais razóns pola que suceden estas traxedias ano a ano, e nun número tan elevado. Unha boa parte destes accidentes mortais suceden en praias (28%) e en ríos (31%), espazos acuáticos naturais que, a non ser que conten cunha importante concorrencia, adoitan estar mal atendidos, e non contan cunha cobertura adecuada dos servizos de socorrismo e salvamento.

Constitúen un paradigma diferente, aínda que igual de preocupante, o caso dos afogamentos en estruturas náuticas e reservas acuíferas artificiais, coma depósitos, lavadoiros, portos ou embalses, que suman o 35% dos afogamentos totais, constituíndo de feito a categoría que acumula un maior número de mortes en 2019. Neste caso, a razón fundamental destes sucesos pode residir na inseguridade ou mal estado das instalacións, nunha mala sinalización, ou en definitiva, nunha insuficiente prevención de riscos no uso das infraestruturas públicas. Así mesmo, nas piscinas particulares producíronse un 6% dos

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62381
Data envío: 23/01/2020 14:11:01.104

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

accidentes do 2019, ascendendo a un total de 3. Aínda sendo a categoría de afogamentos máis reducida, pon enriba da mesa un asunto importante, como o é a necesidade de impulsar unha lexislación específica a nivel nacional que estableza unhas normas de seguridade obrigatorias ao contratar a construción e instalación deste tipo de estruturas de propiedade privada, como xa se fai noutros países, coma Francia.

Como vemos, os afogamentos en Galicia non resultan un tema superficial, e dende a Administración queda moito traballo por facer para extremar a seguridade e vixilancia dos espazos e infraestruturas públicas de carácter acuático, que caen dentro da súa responsabilidade directa, así como na fundamental labor de concienciación e formación da cidadanía na prevención de riscos e na prudencia á hora de usar instalacións acuáticas, xa sexan públicas ou privadas. Esta tarefa debe ser abordada con dilixencia a eficacia dende a Xunta, e ao contrario do que ocorre na actualidade, de ningunha forma pode limitarse as actuacións parciais e tardías que soamente se desenvolven con motivo da alarma mediática que suscitan os accidentes e as vítimas mortais, como xa ocorreu no caso dos accidentes de tráfico ou en instalacións deportivas, senón na prevención, a planificación e a supervisión constante e eficaz destes espazos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de prevención e concienciación, con dotación orzamentaria e en colaboración cos Concellos, dirixido a reducir o máis pronto posible os datos de sinistralidade nos espazos e instalacións acuáticas en Galicia.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62381
Data envio: 23/01/2020 14:11:01.104

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/01/2020 14:09:48**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:41:41
Nº Rexistro: 62386
Data envio: 23/01/2020 16:41:41.775

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á dotación de ambulancia medicalizada na comarca do Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.As ambulancias medicalizadas, ou Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA), son vehículos cuxo equipamento e dotación permite prestar asistencia médica *in situ* a pacientes críticos, no menos tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para manobras de soporte vital avanzado. Estas ambulancias prestan servizo as 24 horas ao día, os 365 días ao ano, e están en contacto permanente coa Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

O comarca do Deza sofre discriminación a este respecto con respecto a outras comarcas con menos envellecemento da poboación, menos dispersión xeográfica e menor distancia aos hospitais de referencia.

Na provincia de Pontevedra, os vehículos de horario especial teñen base en Arbo, Baiona, Ponteareas, Vigo e Vilagarcía, quedando o interior da provincia, e concretamente a comarca do Deza, totalmente desatendidas por este tipo de ambulancias.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:41:41
Nº Rexistro: 62386
Data envío: 23/01/2020 16:41:41.775

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso da comarca do Deza é habitual, debido a saturación do servizo, que se teñan que acercar ambulancias de Melide ou da Estrada, con correspondente retraso do servizo, o que implica a posta en perigo dos pacientes.

Estamos diante dun tema de especial gravidade, e por iso consideramos que se debe dotar a Lalín e a comarca do Deza dunha ambulancia medicalizada para atender casos de especial gravidade. Esta é unha demanda do conxunto da sociedade lalinense, que se sente desprotexida e discriminada polo trato do SERGAS, no que a servizos sanitarios públicos se refire.

2. Actualmente, a comarca do Deza conta con dúas ambulancias de soporte vital básico, unha localizada en Silleda que dá servizo a Silleda e Vila de Cruces e outra localizada en Lalín que dá servizo a Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área de 580km2, con moita dispersión xeográfica e tempos de resposta que en condicións normais poden xa ser superiores ao recomendábel. Esta situación agrávase polo feito de ter que facer traslados ao hospital de referencia en Santiago de Compostela ou pola necesidade de recoller sanitarios no PAC de Lalín.

3. Lalín é a cabeceira dunha ampla comarca que supera os 45.000 habitantes, unha cifra máis que considerable para uns servizos sanitarios totalmente deficientes en todos os aspectos, tanto no servizo de gardas médicas como en urxencias, así como en especialidades e traslados de emerxencia. Concretamente, no referente aos traslados en ambulancia de enfermos graves e accidentados, especialmente politraumatizados ou persoas que sufriron un infarto, non se entende porque Lalín dispón unicamente dunha ambulancia.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante da preocupación polas carencias que presenta a comarca do Deza, o pleno do concello aprobou por unanimidade, o pasado mes de xullo, unha moción na que se insta á Xunta de Galiza a dotar unha ambulancia medicalizada con sede en Lalín.

4. O pasado 13 de outubro produciuse o falecemento dunha persoa en Dozón por una insuficiencia cardíaca. A ambulancia tardou máis de 50 minutos en chegar, o que pon en evidencia a insuficiencia de medios con que conta esta área xeográfica.

Nesa noite as dúas ambulancias con base no Deza estaban de servizo. A de Lalín trasladárase ate Agolada para atender unha emerxencia, e a de Silleda estaba facendo un servizo nesa localidade. Finalmente foi mobilizada unha ambulancia mais cando chegou a persoa xa falecera.

Esta situación pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca do Deza, e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante de emerxencias sanitarias.

Logo desta traxedia, como resposta a unha pregunta de Ana Pontón ao presidente da Xunta, este anunciou unha terceira ambulancia para o Deza. Mais a realidade é que non se trata propiamente dunha ambulancia senón dun vehículo de apoio, que se utiliza para actividades programadas, sen dispoñibilidade a tempo completo e que só conta con dotación de técnico/a-condutor/a.

Como resposta a este agravio e esta discriminación, o BNG iniciou unha campaña de mobilización social en demanda da ambulancia medicalizada e recolleu en pouco tempo máis de 7.500 sinaturas, nunha proba clara da sensibilización e da demanda unánime da comarca en defensa deste recurso sanitario básico.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a mellorar a atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza e con este fin dotar a Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 16:40:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 16:40:48**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 16:41:41
Nº Rexistro: 62386
Data envio: 23/01/2020 16:41:41.775

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 16:40:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 16:41:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 16:41:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 16:41:24**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:29:08
Nº Rexistro: 62403
Data envio: 23/01/2020 17:29:08.762

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galiza e a fundación privada Cipri Gomes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Cipri Gomes é presuntamente unha organización sen ánimo de lucro cualificada no su día como de interese deportivo (tal e como se pode constatar na orde do 4 de xullo do ano 2010) e de interese galego (tal e como se pode comprobar no DOG do 12 de agosto de 2010 onde se recolle a resolución de 2 de agosto de 2010 pola que se declara este interese e se ordena a inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

No ano 2012, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuíto o edificio do antigo instituto á Fundación "Cipri Gomes" así como o seu polideportivo anexo por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063).

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Nese mesmo ano cómpre lembrar que se ditaminaba, co resultado de condena, o que se denominou na prensa escrita como "prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012".

Desde o acordo do ano 2018 foron varias as preguntas realizadas en comisión e no ano 2018 a Xunta de Galiza confirmaba que esta cuestión estaba a ser investigada pola fiscalía. Desde entón, non recibimos nova información por parte da Xunta de Galiza, e a realidade é que esta fundación continúa con actividade ao longo do territorio, particularmente en varios concellos de Ourense.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:29:08
Nº Rexistro: 62403
Data envio: 23/01/2020 17:29:08.762

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento acorda instar á Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento Galego no prazo máximo de 15 días toda a documentación referente a todas e cada unha das axudas, subvencións ou convenios de colaboración entre as diversas consellarías e organismos desta administración e a Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:23:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:23:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:23:25**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:23:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:23:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:23:55**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:40:30
Nº Rexistro: 62408
Data envio: 23/01/2020 17:40:30.485

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación ferroviaria do interior galego leva anos deteriorándose; desapareceron múltiples servizos ferroviarios, tanto de mobilidade de viaxeiras como de mercadorías, hai unha falta de mantemento da infraestrutura e un avellentamento do cadro de persoal, así como a súa diminución.

Ultimamente, aumentaron as avarías de trens e agravouse a falta de maquinistas na estación de Monforte. A falta de persoal faise patente cando, tras unha avaría, chega a xente en bus e non hai quen poida axudar coas maletas, nunha estación que non conta con ascensor para cruzar as vías.

Unha das reivindicacións urxentes da Plataforma ferroviaria de Monforte foi “o aumento das frecuencias e servizos rexionais que respondan ás necesidades reais que temos os e as usuarias. Cunha relación directa no traxecto Lugo-Monforte-Ourense-Vigo, con horarios que cubran as necesidades reais das persoas usuarias (un rexional que saia de Monforte ás 7:15 da mañá que poida enlazar co Avant 09480 das 7:55 de Ourense, podendo así estar á primeira hora da mañá en Santiago, 8:33, e A Coruña, 9:03, así como unha ligazón co último Avant 09201 con saída de Santiago ás 20:30 e chegada a Ourense ás 21:08). Na actualidade, para poder estar en Santiago ou A Coruña a primeira hora da mañá, é moi difícil enlazar con estes trens, sendo a única opción coller o Trenhotel das 6:15 h de Monforte (moito máis caro que un rexional); e para a volta dende Ourense non hai opcións, a non ser que se agarde ás doce da noite polo Trenhotel.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:40:30
Nº Rexistro: 62408
Data envio: 23/01/2020 17:40:30.485

A situación das frecuencias e tipos de tren entre Monforte e Ourense fan inviable poder moverse para traballo ou estudos entre ambas cidades e con Santiago. Un novo servizo que permitise a conexión diaria cos AVANT de Ourense permitiría á mocidade e ás persoas en xeral estudar ou traballar en Ourense, Santiago ou Coruña sen ter que vivir alí, e facilitaría a mobilidade a estas cidades, dende o punto de vista do turismo ou as xestións administrativas.

A situación é tan esperpéntica que o persoal maquinista de RENFE de Monforte ten que ir nun taxis contratados pola empresa a Ourense cando ten que facer o servizo dos trens que saen en torno ás 8 h da cidade das Burgas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que, no prazo máximo de seis meses, dispoña de servizos de tren que enlacen a estación de FFCC de Monforte, ida e volta, co primeiro e último AVANT Ourense-Santiago-Coruña, isto é, o das 7:55 (saída de Ourense) e o das 21:08 (chegada a Ourense).

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Deputada, deputado e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 23/01/2020 17:37:25**

**David Rodríguez Estévez na data 23/01/2020 17:37:37**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:40:30
Nº Rexistro: 62408
Data envio: 23/01/2020 17:40:30.485

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2020 17:37:46**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:53:26
Nº Rexistro: 62419
Data envío: 23/01/2020 17:53:26.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a necesidade de facilitar información sobre as isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo na Estrada-Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comarca da Estrada o Deza  seguen as  alarmas acendidas, o malestar e a preocupación do deficiente servizo de transporte sanitario urxente que teñen. A atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital, xa que diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental. Por esta razón veñan reclamando dende fai tempo a dotación dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA).

Tras a morte dun veciño de Dozón, mentres agardaba pola chegada dunha ambulancia que o atendera,  a Xunta de Galiza lonxe de dar garantías e tranquilidade á poboación, agóchase detrás de datos e informacións como mínimo  dubidosos.

Por esta razón, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:53:26
Nº Rexistro: 62419
Data envío: 23/01/2020 17:53:26.521

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar no prazo dun mes un informe no Parlamento Galego coa seguinte información:

1.- Isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo para o 061 con base en Lalín, Silleda e a Estrada dos días 12 e 13 de outubro de 2019.

2.- Isócronas operativas da ambulancia de Protección Civil da Estrada que presta servizo para o 061  dos días 12 e 13 de outubro de 2019.

3.- Isócronas operativas da ambulancia de apoio con base en Lalín desde o inicio do novo contrato, a principios do mes de decembro 2019, do Servizo de Transporte Urxente Sanitario  Terrestre para a Fundación Pública 061."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:46:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:46:36**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:46:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:46:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:46:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:47:06**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envio: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 28 de novembro do 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se somete á información pública a Modificación puntual nº 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Mos, por Acordo do Pleno do 30 de setembro de 2019.

Examinada a documentación á que puidemos acceder, constatase a pretensión de actuar nunha superficie delimitada do ámbito de 980.448 m2 á que se lle engaden 77.959 m2 máis como “conexións exteriores co sistema xeral viario”. Nesta proposta sinálase que quérese desenvolver a superficie contemplada mediante a expropiación dos terreos como sistema de actuación.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mos foi aprobado, de xeito definitivo, o 18 de xaneiro de 2017 por Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza. Os seus antecedentes témolos que buscar nas normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente o 23.1.1992, e que foran obxecto de sete modificacións puntuais, así como nun traballo de campo previo e extenso e profundo realizado pola equipa



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envío: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

redactora, coa participación da veciñanza e que deu orixe a aprobación inicial do PXOM vixente nunha sesión plenaria do propio concello o 25 de outubro do 2012 acordando, tamén, o sometelo a información pública mediante anuncio no DOG do 9 de novembro do mesmo ano. Foron, pois, máis de seis anos de traballo intenso para corrixir deficiencias e carencias anteriores, adaptacións á lexislación vixente e aos informes sectoriais pertinentes así como dar resposta ás necesidades presentes, de aquel entón, e futuras para o desenvolvemento do concello e das persoas que o habitan cunha visión de longo prazo como previsión.

A práctica totalidade dos terreos delimitados na Modificación puntual nº 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Mos teñen a condición de Solo rústico de especial protección forestal.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, recolle no seu artigo "Artigo 34. Solo rústico de especial protección, apartado 2. No solo rústico de especial protección distinguiranse as seguintes categorías:

b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta productividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal."

En canto aos usos do solo dentro da Modificación Puntual o 76,29% é de caracter forestal e o 15,12% é de mato.

No ámbito do sector de solo urbanizabel delimitado pola MP, dos 980.448 m² de superficie 183.715 m² pertencen ao monte en man común de Tameiga (o 18,7% do ámbito), e 145.251 m² son propiedade da CMVMC de Pereiras (14,8% do ámbito).



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envío: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A superficie da CMVMC de Tameiga é de 1.350.000 m2 das cales a maioría da parcela de 470.000 m2 que están situados en Monte Faquiña son de actividade industrial ou asociada, e a da CMVMC de Pereiras é de 540.000 m2.

Por non dispoñer de rede municipal, existen numerosas captacións e redes veciñais de abastecemento de auga feitas polas comunidades de persoas veciñas.

Á vista destes e outros feitos obxectivos, o BNG presentou no prazo estipulado as seguintes alegacións:

1. Os documentos recollidos na "Modificación Puntual número 1 do PXOM de Mos" (en adiante MP nº1) e obxecto desta análise preséntanse como unha "modificación puntual" do PXOM aprobado fai tres anos, PXOM con escaso desenvolvemento dende a súa aprobación definitiva e, polo tanto, sigue coa súa plena vixencia e moito menos esgotado en canto aos seus obxectivos e a súa planificación. Dos datos derivados da análise do actual PXOM e da MP nº1 proposta, logramos extraer as seguintes premisas en canto aos sectores con un uso característico como é o de terciario:

1.1. No PXOM contémplase un reparto moito máis equilibrado e repartido no conxunto do territorio dos distintos usos e caracterizacións do solo.

1.2. Nas actuacións contempladas no PXOM nos solos urbanos delimitados con tipoloxía "terciario" rexístrase unha superficie bruta de 204.704 m2 e un límite de edificabilidade de 78.634 m2. A aceptación da Modificación puntual proposta recolle unha superficie delimitada do sector de 980.448 m2 e unha edificabilidade de 209.250 m2. A aceptación da Modificación puntual proposta suporía incrementar un 266,10% máis a edificabilidade e duplicar o ámbito de actuación nos solos urbanos delimitados.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.3. Polo tanto e, vistos os datos, a proposta presentada como “Modificación puntual número 1 do PXOM de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizabel de usos dotacionais e terciarios” non é unha modificación puntual tal e como se propón senón unha “revisión substancial das condicións recollidas no propio PXOM en canto aos condicionantes, características, elementos contemplados, actuacións previstas, equilibros de usos do solo, afectacións sociais, medioambientais, económicas e das estructuras en canto a conformación de dito Concello que non poden pasarse por alto”. Para maior abondamento dito centro comercial, que pretendía implantarse a escasos quilómetros do emprazamento proposto na MP nº1, xa foi rexeitado pola cidadanía polas graves consecuencias antes ennumeradas.

2. Na MP nº1 o uso global característico do sector é o terciario por ser este o que ten asignado maior superficie edificable; pola contra a xustificación empregada para facer viábel dita modificación é a da necesidade “de posibilitar a implantación en terreos do termo municipal dunha actuación como o proxecto de Cidade Deportiva que pretende desenvolver o Real Club Celta de Vigo”. Polo tanto, esta operación representa unha pura especulación urbanística utilizando como cabalo de Troia unha “suposta necesidade deportiva” como subterfuxio para instalar unha grande área comercial. A oportunidade non é para o Concello e as persoas habitantes de Mos, é para os promotores do grande centro comercial con intereses alleos e espurios.

3. A implantación dun centro comercial dunha superficie edificada de 209.250 m2 supón unha afección supramunicipal que achegaría o seu impacto máis aló dos propios límites do concello de Mos e entraría en colisión co comercio tradicional e as superficies comerciais xa actuantes, orixinando unha maior decadencia das mesmas e unha degradación das áreas urbanas ou urbanizadas que as arrodean orixinando o peche dos actuais comercios e desprazándose a actividade a dito centro comercial, toda vez

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envio: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que xa está constatado a saturación comercial existente na zona sur da provincia de Pontevedra e o abandono das instalacións xa existentes.

4. A proposta contemplada na MP nº1, pretende desenvolverse na súa practica totalidade en terreos cualificados como rústicos de protección ou especial protección forestal, tal e como recolle o PXOM actual precisando, pois, a súa recualificación a un solo urbano delimitado tendo como uso máis importante o terciario. Semellante aberración representa non so unha revisión en profundidade da concepción do PXOM actual, senón atenta contra os criterios de sostibilidade ambiental recollida na esencia e declaración implícita do PXOM, na transformación e degradación de máis dun millón de m2 e, o obxectivo esencial da proposta, a consumación dunha especulación pura e dura pola formula de asegurar un negocio mediante a obtención a moi baixo prezo duns terreos cunha función socioeconómica, medioambiental, vertebradora e paisaxística imposíbel de substituír.

5. Chama poderosamente a atención que a formula a empregar para a obtención dos terreos sexa a da expropiación, cando existen outras formulas máis beneficiosas para o conxunto da sociedade e en función do ben público, máis desbótanse na medida que o obxectivo real é a especulación tanto na construcción como o desenvolvemento do macro complexo comercial. Esta é unha proposta perversa e manipuladora das administracións públicas para acadar a garantía necesaria para un negocio privado, a saber: sen ter en conta os terreos adscritos a esta figura urbanística como "conexións exteriores co sistema xeral viario", da superficie delimitada no sector de 980.448 m2, 183.715 m² pertencen ao monte en man común de Tameiga (o 18,7% do ámbito), e 145.251 m² son propiedade da CMVMC de Pereiras (14,8% do ámbito), e exprópianse estes terreos cunha función eminentemente social para despois realizar negocios privados, anque algúns poidan ser de acceso e/ou uso público para as mesmas persoas que antes eran as súas propietarias en réxime comunal. !!!



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Abondando no apartado anterior, dita manipulación chega ao nivel de escándalo cando o convenio subscrito entre a entidade privada Real Club Celta de Vigo, Sociedade Anónima Deportiva, en adiante RCCV-SAD, e a administración pública como é neste caso o Concello de Mos, recolle manifestacións como:

- En menos dun ano o Goberno municipal do Concello de Mos "vese na obriga" de recoñecer que o PXOM de Mos non contempla "unha actuación desta natureza … non estando formulada - sequera como posibilidade".

- En aras de "para ordenar usos dotacionais privados (cidade deportiva) nunha superficie aproximadamente duns 250.000 m2, e un área destinada a usos terciarios (ocio e comercial) asociada á Cidade Deportiva cunha superficie aproximada duns 160.000 m2 e unha edificabilidade asignada de 120.000 m2 de teito, necesaria para garantir a viabilidade económica da actuación …" non presentan un estudo de impacto no tecido e entramado socioeconómico e medioambiental do Concello e en toda a área metropolitana de Vigo, sen importar nin avaliar as consecuencias negativas que representa unha actuación deste tipo.

- Para maior "seguridade da operación" a entidade privada RCCV-SAD e o Concello manifestan que "unicamente a través da aplicación dun sistema de actuación público é posible abordar tal actuación con garantías de éxito" para engadir a continuación que a entidade privada RCCV-SAD "comprométese a realizar as actuacións necesarias para procurar alcanzar a condición de beneficiario ou concesionario do sistema de expropiación …", o que ven a verificar a pura especulación urbanística da operación

8. A expropiación dos terreos ás comunidades de montes en man común de Tameiga e Pereiras sería un duro golpe que pode poñer en perigo a viabilidade



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envio: 23/01/2020 18:00:48.883

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socioeconómica das mesmas ao usurparlle unhas propiedades e uns recursos necesarios para asegurar o mantemento do seu papel como entidades dinamizadoras da verdadeira economía social, da redistribución da riqueza xerada mediante o investimento social e a creación de postos de traballo, vertebradoras das parroquias na medida que suplen moitas veces as carencias das distintas administracións en canto aos servizos á poboación que deben prestar e como axentes actuantes e garantes do medioambiente.

9. As afeccións das obras e as construccións previstas van ter un impacto brutal na medida en que as pendentes son moi acentuadas e “ unha orografía pronunciada, e mesmo localmente forte, (a maior parte da superficie, sobre o 68 %, sitúase nun rango de pendentes do 6-30 %, e que algo máis do 20% da superficie sitúase en valores superiores ao 30%) tal e como acredita o estudo presentado das mesmas e os volumes de movementos de terras necesarios.

10. A existencia de redes de abastecemento locais derivadas das numerosas concesións para a captación de recursos hídricos fundamentais para o desenvolvemento das distintas comunidades veciñais de augas que as construíron e que representaron e representan un esforzo sostido no tempo para o subministro de auga potábel á veciñanza, realizando un servicio público ao non existir abastecemento de auga potábel municipal e representando, ao mesmo tempo, un tipo de xestión mancomunado fronte a xestión privada dun ben fundamental e de interese público como é a auga. A propia proposta recoñece que non existe rede pública de abastecemento, que a actuación demanda enormes cantidades de auga potábel (ata 3.062 m3/día máis a demanda precisa para a rede contra incendios), que en canto ó balance hídrico anual resulta que Mos ten un déficit de auga dispoñible nos meses de xullo e agosto e o non contemplar a reposición de ditas traídas comunais xestionadas pola veciñanza sitúanos nun conflicto de repercusións severas e sostidas no tempo para as habitantes afectadas pola actuación.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

11. En canto ao sistema de mobilidade non existe un estudo aos efectos de determinar pormenorizadamente as afectacións producidas na medida que a maior parte dos desprazamentos van ter como orixe o concello de Vigo, afectando tanto aos sistemas xerais e locais tanto neste concello como no de Mos e

- non se asegura sistemas de transporte público tanto para os eventos especiais como para o uso diario das instalacións ao obxecto de reducir o impacto medioambiental, aglomeracións innecesarias e asegurar a seguridade viaria na medida que xa se dan retencións a determinadas horas do día na entrada/saída da VG-20 na redonda existente debaixo da propia VG-20,

- se a orixe do movemento é Vigo, a memoria da proposta indica que a previsión é que accedan ás instalacións deportivas propostas o 60% pola Avd. de Clara Campoamor e o 40% pola A-55, pero si a orixe do movemento e de fora de Vigo o 10% será pola Avd. de Clara Campoamor e o 90% pola A-55. Ao engadido anteriormente (existencia de retencións a determinadas horas na redonda de acceso dende a Avd. Clara Campoamor á VG-20), debemos ter en conta os incrementos que vai orixinar a ampliación do PTL e a implantación dunha grande área comercial así como o actual IMD da Avd. Clara Campoamor como son:

- sentido glorieta VG-20 a glorieta hospital A. Cunqueiro, 9636 veh./día,
- sentido glorieta hospital A. Cunqueiro a glorieta VG-20, 5.358 veh./día,
- IMD (datos do 2018) da A-55, 34.276 veh./día.

- é necesario precisar as necesidades de desprazamento e presentar un estudio conciso e definido, que sexa producto do artellamento entre as distintas administracións, axentes sociais e económicos implicados no desenvolvemento da actividade xerada e



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envio: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non deixar á improvisación e ás solucións parciais ou coxunturais, centrando so o esforzo a garantir o lucro económico como existen na maioría das actuacións deste tipo.

Ademais de todo o sinalado, existen numerosos informes tanto de departamentos da administración galega como de outras administracións públicas que cuestionan a necesidade, a viabilidade e a oportunidade deste proxecto polos seus impactos negativos no territorio, na xestión do ciclo da auga, na mobilidade, na paisaxe, nos usos do solo, no patrimonio cultural ou no comercio de proximidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a informar negativamente a proposta presentada como “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOS PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USOS DOTACIONAIS E TERCIARIO”.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:00:48
Nº Rexistro: 62426
Data envio: 23/01/2020 18:00:48.883

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:58:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:58:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:58:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:58:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:58:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:58:52**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:07:05
Nº Rexistro: 62428
Data envio: 23/01/2020 18:07:05.229

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir e velar polo benestar e vida dos animais en casos de incendio forestal.

As políticas forestais baseadas no monocultivo do eucalipto fan que en Galicia se produzan máis do 70 % do total dos incendios que teñen lugar no estado español. Esta lacra que asedia cada ano o noso territorio leva aparelladas devastadoras consecuencias en forma de perda de vidas humanas, incalculables perdas económicas, destrución da biodiversidade e tamén a perda de innumerables vidas animais.

Os recentes incendios acontecidos en Australia deixaron tras de si a morte de máis de cincocentos millóns de animais. As terribles imaxes que deron a volta ao mundo débennos poñer en alerta da necesidade de establecer protocolos de actuación para salvagardar a vida e benestar dos animais afectados, así como a vida das persoas que os intentan rescatar.

Cómpre salientar a importancia que ten a protección das vidas animais na capacidade dos ecosistemas para recuperarse da devastación dos incendios. As especies que conseguen sobrevivir poden re colonizar o hábitat orixinal, ampliando o potencial dos ecosistemas para a súa recuperación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:07:05
Nº Rexistro: 62428
Data envío: 23/01/2020 18:07:05.229

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un paquete de medidas que garantan e velen polo benestar e vida dos animais en caso de incendios forestais. Estas medidas deben contemplar:

-Protocolos de actuación onde se especifiquen os procedementos que deben levar a cabo o persoal de emerxencias para garantir e velar polo benestar e a vida dos animais en casos de incendio forestal. Dito protocolo debe incluír a previsión de emprazamentos para albergar os animais evacuados así como a creación de vías de escape para animais.

-Elaboración de campañas de información destinadas a empresas e particulares propietarios de animais e/ou de instalacións que alberguen animais, de como actuar para evacuar con seguridade aos animais no caso de que o incendio forestal afecte ás súas vivendas e/ou a ditas instalacións

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Voceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 23/01/2020 18:05:27**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:07:05
Nº Rexistro: 62428
Data envio: 23/01/2020 18:07:05.229

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Marcos Cal Ogando na data 23/01/2020 18:05:31**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 62430
Data envio: 23/01/2020 18:12:33.388

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria.

Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza. Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar e aínda a día de hoxe continúa sen resolverse. Máis aínda, este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 62430
Data envio: 23/01/2020 18:12:33.388

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, existe un problema global en toda a área sanitaria de falta de planificación do relevo xeracional e do intento de aplicar unha axenda oculta en materia de desmantelamento pediátrico e recentralización de servizos, como demostrou o acontecido en Verín, sumado a unha nefasta política de organización e condicións laborais, como acreditan numerosas sentencias xudiciais.

Finalmente, ademais da lista de espera oculta en materia de pediatría hospitalaria, son constantes os problemas de falta de persoal nos centros de atención primaria.

Por todo isto, o GP do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a tomar medidas inmediatas para garantir unha boa atención sanitaria á poboación infantil de Ourense:

1. Recuperar para o ano 2020 o servizo de atención de cirurxía pediátrica no CHUO garantindo que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias así como a que leve a cabo as contratacións precisas para dotalo do persoal necesario e prever programas de formación e rotación para atraer especialistas.

2. Estabelecer de forma consensuada coas forzas sindicais e coas xuntas de centro dos tres hospitais de Ourense unha planificación para garantir o relevo xeracional das e dos especialistas en pediatría así como impulsar incentivos profesionais para



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 62430
Data envio: 23/01/2020 18:12:33.388

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilitar o desenvolvemento de carreiras profesionais atractivas do punto de vista da investigación e da formación continua.

3. Reforzar os servizos de atención primaria enfocados á poboación infantil cun plan anual debidamente orzado."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 18:04:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 18:04:34**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 62430
Data envio: 23/01/2020 18:12:33.388

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 18:04:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 18:04:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 18:04:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 18:05:01**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:21:38
Nº Rexistro: 62437
Data envío: 23/01/2020 18:21:38.782

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das Emerxencias en Galicia, levan tempo denunciando as graves carencias na xestión e organización das Emerxencias. Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións neglixentes.

Ademais, todo isto, nun contexto no que servizos que resultan totalmente esenciais como pode ser o 112, atópanse privatizados e respondendo máis a intereses de carácter empresarial que ao propio interese xeral que debe condicionar o funcionamento dun servizo destas características.

En novembro deste ano, remata o contrato da concesión, polo que existe unha oportunidade de asumir a xestión directa do mesmo, principalmente si temos en conta que o custe sería incluso menos do que se está a licitar, xa que todo o material e infraestrutura é da propia Xunta de Galicia, o que podería incluso empregarse para dotar o mesmo de máis persoal e mellor material ao non ter que contar co lucro da empresa que explota a concesión.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a fórmula administrativa máis axeitada para asumir a xestión directa do servizo do 112 e do persoal do mesmo, para poder levala a cabo no momento no que finalice o contrato actual.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Carmen Santos Queiruga
Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 18:11:03**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/01/2020 18:11:14**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:24:09
Nº Rexistro: 62446
Data envio: 23/01/2020 18:24:09.517

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a posta en marcha das medidas contempladas na moción aprobada polo Parlamento Galego no pleno do 17 de decembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do día 17 de decembro de 2019 o Parlamento Galego aprobou a moción presentada polo BNG co seguinte texto:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento un informe detallado do accidente do "Blue Star", na ría de Ares, dende o seu inicio até o momento actual, no que como mínimo conste:

a) Por que saíu o buque do seu fondeadoiro en Ares, cando había alerta amarela pola intensidade do vento, mar de fondo e ondas de cinco metros.

b) Quen autorizou ou pernitíu o movemento do buque e se foi monitorizado ou controlado o seu movemento.

c) En que momento se ten coñecemento, ou se preveu, a colisión do buque con terra, e que medidas se adoptaron.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Que medidas se adoptaron por este motivo, e en que momento,que dispositivo de salvamento marítimo se activou, e a partir de que momento en cada caso.

e) Que relación institucional mantivo o Goberno español (Subdelegación, capitanías, Salvamento Marítimo) coa Xunta de Galiza durante todo este proceso.

f) Cal foi a participación na Xunta de Galiza na toma de decisións.

g)Que investigación, obxectiva e neutral, se vai realizar para

esclarecer os motivos e circunstancias que rodean o accidente.

h) Que se vai facer co "Blue Star".

2.- Proceder a manter informado de xeito permanente ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado (confrarías e agrupacións de Ares, Pontedeume, Miño, Sada, Lorbé e A Coruña).

3.- Poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a protección do ecosistema mariño e a actividade produtiva pesqueira marisqueira da ría de Ares.

4.- Poñer en marcha todas as accións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir, dun xeito áxil, as rendas do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Ares, diante da comunicación ás confrarías da prohibición de faenar a menos dunha milla do lugar no que está embarrancado o "Blue Star".

5.- Esixir a garantía de dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidente ou accidente marítimo que se poida producir no futuro na ría de Ares, na súa condición de zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol.



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:24:09
Nº Rexistro: 62446
Data envio: 23/01/2020 18:24:09.517

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a efectivizar de xeito inmediato as medidas contidas na moción aprobada polo pleno do Parlamento Galego o 17 de decembro de 2019 a instancia do BNG."

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 18:15:38**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 18:15:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 18:15:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 18:15:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 18:16:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 18:16:11**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Atención Urxente Extrahospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005.

A exposición de motivos expresa de xeito claro a necesidade de axustar as peculiaridades da prestación de servizo nos PACs en coherencia coas políticas de persoal aplicables a todos os profesionais do SERGAS, pero é de sobra coñecida a folga que tiveron que levar a cabo as e os profesionais para demandar ao Goberno da Xunta, o cumprimento de condicións de traballo básicas.

Entre as demandas que acordaron co Goberno, estaba a de recibir equipamentos de protección individual que van dende o calzado de seguridade ata pantalóns, anoraks ou cascos, entre outros. Unha cuestión esencial en materia de seguridade laboral que a día de hoxe segue sen facerse efectiva, incumprindo o acordado e poñendo en cuestión a saúde e seguridade no traballo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 18:29:14
Nº Rexistro: 62449
Data envio: 23/01/2020 18:29:14.581

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao cumprimento de todos os acordos acadados no marco da folga do persoal dos Puntos de Atención Continuada.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda
Luca Chao Pérez
Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 18:27:39**

**Luca Chao Pérez na data 23/01/2020 18:27:50**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 62422
Data envio: 23/01/2020 17:57:22.788

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Xan Xosé Jove González e Antón Sánchez García e das súas deputadas Carmen Santos Queiruga e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección do patrimonio arqueolóxico das murallas da cidade da Coruña é unha reivindicación histórica da cidadanía, que nos últimos tempos foi respaldada en diversas ocasións polo acordo unánime de todos os grupos políticos da corporación municipal.

Especificamente no que hoxe nos ocupa estamos a falar da solicitude de protección de 3 parcelas nas que foron atopados recentemente restos patrimoniais da liña defensiva da cidade que se encontran na actualidade sen edificar nos lugares chamados Maestranza e Campo da Estrada.

Desde o grupo común de esquerda tivemos coñecemento de que o Concello da Coruña remitiu á Xunta de Galicia en maio de 2019 un completo informe arqueolóxico que obra desde o 21/06/2019 en mans do Servizo de Xestión Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, acompañado por unha solicitude do Concello para a tramitación da modificación do ámbito da declaración de Interese Cultural do Decreto 09/11/1944 na que solicita a declaración das devanditas parcelas, parte do conxunto histórico do sistema defensivo das mura-

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 62422
Data envio: 23/01/2020 17:57:22.788

llas da cidade vella, como Bens de interese Cultural.

En dito informe sublíñase:

“As actividades arqueolóxicas realizadas nos últimos vinte anos permitiron constatar a existencia case completa da liña de muralla que protexía a costa da *Ciudad Vieja* da Coruña e que ten como fitos de referencia a zona de *Puerta Real* no extremo Sur e o *Baluarte de la Santa Cruz de Roma* no extremo Norte, situado na antiga *Cala de Pelambres* (hoxe en día a rúa Veramar). Este tramo de muralla ademais de estar case completo, reúne as condicións necesarias para facer efectiva a valorización das murallas da Coruña debido a que boa parte do trazado está en solo público, non residencial ou residencial sen edificar.”

(...) artigos 3 e 32 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, publicada no DOG nº 92 de 16 de maio, solicitar unha modificación do *Decreto de 9 de noviembre de 1944 por el que se declara Monumento Histórico- Artístico el Conjunto de los elementos que se indican de la ciudad de La Coruña,* publicado no B.O.E nº 323 de 18 de novembro de 1944 co obxecto de establecer e aplicar os instrumentos de protección necesarios para a protección, conservación, valorización e transmisión ás xeracións futuras das estruturas que formaban parte da liña de defensa costeira da *Ciudad Vieja* da Coruña”

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 62422
Data envio: 23/01/2020 17:57:22.788

Por outra banda a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia Indica:

CAPÍTULO II
BENS QUE INTEGRAN O PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Artigo 88. *Contido do patrimonio arquitectónico*

1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, presúmese que concorre un significativo valor arquitectónico, para a súa inclusión neste capítulo, nos seguintes bens:

a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmoble. Todas estas tipoloxías de inmobles construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.

Así mesmo, na disposición adicional quinta, dispón:

Disposición adicional quinta. *Bens declarados de interese cultural ou catalogados en virtude da lei*

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 62422
Data envio: 23/01/2020 17:57:22.788

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

No prazo de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural identificará e concretará a través do correspondente expediente os bens declarados de interese cultural ou catalogados en virtude desta lei.

Polo todo o anterior, o Grupo común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a identificar, concretar e recoñecer como Bens de Interese Cultural as parcelas do Campo da Estrada e da Maestranza sinaladas no informe remitido polo Concello da Coruña, por medio da incoación do expediente de declaración dun novo BIC por parte da Consellería de Cultura, ou por medio da modificación do ámbito da declaración de Interese Cultural do decreto 9/11/1944, outorgando, no menor prazo posible, a necesaria protección a estes lugares.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González
Carmen Santos Queiruga
Luca Chao Pérez
Antón Sánchez García
Deputadas e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Xan Xosé Jove González na data 23/01/2020 17:24:13**

**Antón Sánchez García na data 23/01/2020 17:24:18**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/01/2020 17:24:27**

**Luca Chao Pérez na data 23/01/2020 17:24:37**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 11:24:11
Nº Rexistro: 61867
Data envío: 17/01/2020 11:24:11.304

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O pasado 31 de decembro de 2019, producíase o enésimo vertido no río Furelos. Enésimo vertido que sofren as augas deste río, mais tamén a contorna (Camiño de Santiago francés e LIC "Serra do Careón"), vertidos procedentes da zona industrial do concello de Melide.

Estes vertidos son continuados e proceden de empresas localizadas no polígono industrial da Magdalena desde o comezo da súa existencia. Vertidos que o Grupo Parlamentario Socialista leva denunciando desde o ano 2015. Xa por aquel entón o deputado Xosé Sánchez Bugallo pedía comprobar *in situ* como varios colectores de augas fecais vertían a caño libre chegando ao rego de Reboredo, afluente do río Furelos.

Verteduras que se repiten no tempo e que no pasado mes de xullo de 2019 xa remataron coa vida de máis de 10.000 troitas, escalos e outras especies do río Furelos. Como así ten denunciado ante a Consellería de Medio Ambiente e o Seprona a Asociación de Troiteiros Río Furelos.

Un problema medioambiental que naceu cos gobernos municipais do PP en Melide e que a anterior alcaldesa entre 2004 e 2007 e entre 2011 e 2015 e agora actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, non só non se preocupou en tentar resolver senón que ata chegou a ignorar a situación mirando cara a outro lado (nin tampouco a súa sucesora tamén "popular", Dalia García). Un problema medioambiental que gobernos locais responsables terían que ter previsto e evitado, se no seu debido tempo esixisen ás empresas, hoxe infractoras, cumprir as ordenanzas municipais cando se instalaron neste chan industrial. E, sobre todo, cando estas mesmas empresas solicitaron ampliacións para as súas actividades.

Pola contra, nada se fixo, dando lugar a que o problema, lonxe de se solucionar, co paso do tempo se agravase. É máis, a gravidade do asunto é tal, que agora o asunto xa está no xulgado de Instrución da Arzúa.

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 11:24:11
Nº Rexistro: 61867
Data envío: 17/01/2020 11:24:11.304

Este grupo parlamentario leva anos demandando solucións. Sen ir máis lonxe, no pasado período de sesións solicitaba, vía emenda ao Proxecto de orzamentos da Xunta 2020, a dotación orzamentaria suficiente para a construción dunha EDAR no polígono industrial da Madalena en Melide, co fin de rematar dunha vez por todas con este gravísimo problema medioambiental. Emenda que foi rexeitada polo grupo que sostén o Goberno, o Grupo do Partido Popular. Emenda que, para máis *Inri*, solucionaba un problema que é de sobra coñecido pola actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

A Sra. conselleira que ten unha gran parte de responsabilidade neste asunto, xa que nada ten feito para intentar remedialo, pouco ou nulo interese veu mostrando, agás esta última e recente etapa que coincide co cambio no bastón de mando na alcaldía de Melide.

Agora, despois de anos de desleixo, parece mostrar preocupación, dilixencia e incluso poderiamos afirmar unha actitude de belixerancia co Concello de Melide.

Desde o noso Grupo, lamentamos que non se teña mostrado esta mesma actitude de dilixencia, contundencia e belixerancia parlamentaria á hora de defender a emenda presentada por este grupo parlamentario cando solicitaba unha dotación orzamentaria para dotar ao Polígono da Magdalena, en Melide, dunha estación depuradora de augas residuais.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª. Pode afirmar o Goberno galego que está a cumprir a normativa ambiental en materia de residuos e verteduras?

2ª. Que motivo, ou motivos, xustifican que o Goberno galego sendo coñecedor do serio problema medioambiental, desde o período comprendido entre o ano 2007 ata o mes de maio de 2019, non mostrase máis dilixencia e contundencia neste asunto?

3ª. Considera o Goberno galego que, como promotor deste chan industrial, non ten responsabilidade no tema?

4ª. Que motivos xustifican que o Goberno galego, sendo coñecedor, das distintas actuacións que se están a levar a cabo desde hai máis dunha década por parte do Persoal de Control de Vertidos de Galicia, non tomase ningunha decisión para intentar solucionar este problema medioambiental?

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 11:24:11
Nº Rexistro: 61867
Data envío: 17/01/2020 11:24:11.304

5ª. Que medidas, a curto e medio prazo, ten pensado adoptar o Goberno galego en relación con este asunto medioambiental?

6ª. Ten intención o Goberno galego de consignar unha dotación orzamentaria suficiente para a construción urxente dunha EDAR no Polígono Industrial da Madalena? Cando?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 17/01/2020 11:23:02**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2020 11:23:13**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 11:23:25**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2020 11:23:36**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:10:47
Nº Rexistro: 61876
Data envio: 17/01/2020 12:10:47.462

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

A situación do País en relación as prazas públicas en residencias de maiores é moi alarmante. As existentes na actualidade non dan resposta as necesidades derivadas do envellecemento progresivo da sociedade e do incremento do número de persoas con algún grao de dependencia. Galicia continúa situándose moi por debaixo do ratio que recomenda a OMS, e nos últimos dez anos de Goberno do PP non se creou nin unha soa praza 100% pública.

Ademais, as traballadoras destas, xa sexa nas públicas, concertadas ou privadas, está soportando unhas condicións de sobrecarga de traballo importantes, xa que os cadros de persoal son insuficientes, con múltiples consecuencias. Existe no sector unha siniestraliedade laboral moi elevada, con numerosas baixas, e ademais a actual organización dificulta que se poidan realizar todos os coidados necesarios ás persoas usuarias sen alterar os seus horarios.

O persoal dependente directamente da administración pública leva anos vendo como empeoran as súas condicións laborais. A suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral supuxo, entre outras cuestións, que desapareceran nas carteleiras os descansos adicionais por traballo a quendas e os directos por traballo en fin de semana e festivos, aumentando a carga horaria de maneira considerable.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:10:47
Nº Rexistro: 61876
Data envío: 17/01/2020 12:10:47.462

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A administración leva anos apostando por unha privatización progresiva do conxunto dos servizos públicos. Así, por exemplo, o informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes evidencia que máis do 65% das prazas ofertadas corresponden a entidades privadas, unha tendencia que vai incrementando ano tras ano.

As listas de agarda evidencian a situación de fracaso das políticas sociais destes anos, xa que o prazo medio de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi por riba dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata acadar o ingreso no centro residencial, de 154 días,  moi superior aos tres meses estipulado pola normativa aplicable.

Polo tanto, a Xunta de Galicia debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza tal e como se fixa na normativa, e apostar polos servizos 100% públicos.

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da ausencia de creación nestes anos de novas prazas 100% públicas en residencias para persoas maiores?

2. Que prazos contemplan para o inicio e remate da construción das novas sete residencias anunciadas? Que modelo de xestión terán estas?

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

3. Qu medidas van levar adiante para rematar coa situación de precariedade que viven as traballadoras das residencias de persoas maiores?

4. Que medidas van levar adiante para reducir as listas de agarda e dar cumprimento da normativa vixente?

5. Que medidas levaron adiante para reducir a siniestraliedade existente no sector?

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2020 10:40:31**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:39:49
Nº Rexistro: 61888
Data envio: 17/01/2020 12:39:49.240

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG levamos moito tempo denunciando que o goberno central desmantela os servizos ferroviarios do noso país, contando ademais na última década coa complicidade da Xunta de Galiza, e facemos un chamamento para esixir unha rectificación inmediata dunha situación que nos últimos meses ten virado insoportable. Galiza e as poboacións de Ourense, Ribadavia, O Carballiño, A Rúa, o Barco de Valdeorras e outras localidades merecemos servizos de primeira.

Desde hai anos Renfe e Adif, por decisións políticas do PP e do PSOE, avanzaron nunha liña de baleirado de servizos ferroviarios. Co paso dos anos, no lugar de mellorárense as conexións entre as poboacións, a liña é a contraria. Hoxe, a liña entre Vigo e Ourense ten menos paradas e frecuencias que hai unha década. O mesmo acontece coa conexión Coruña-Ourense, e con Ourense-O Barco. Así mesmo, as conexións entre Ourense e A Gudiña ou Lugo son practicamente inexistentes. Os servizos non melloraron e o único que parecía un avance, a posta en marcha do Avant Coruña-Ourense, foino a cambio duns prezos absolutamente abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas conexións da franxa atlántica



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico dunhas comarcas empobrecidas e con graves problemas de fixación de poboación como as ourensás.

Privatizáronse servizos, pecharon estacións e iso non significou a mellora das que quedaban. Máis ben ao contrario. Primeiro privatizaron numerosos servizos como o de atención ao cliente, e agora este proceso quere concluír no peche de moitos deles, como é o caso do servizo presencial de venda de billetes e atención ao público nestas estacións. Así mesmo, son constantes os problemas de avarías e atrasos, especialmente nas liñas rexionais.

Esta situación non pode permitirse, debemos esixir que os servizos se melloren e se manteñan como exclusivamente público e que ao tempo se melloren os trens, as liñas, a oferta horaria e haxa un prezo xusto que contribúa a que realmente o tren poida ser un medio de transporte útil e accesíbel para a poboación mellorando a mobilidade e reducindo o uso do transporte privado.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 12:39:49
Nº Rexistro: 61888
Data envio: 17/01/2020 12:39:49.240

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai demandar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade?

Demandouno ou vaino demandar ao goberno central? Porque vías? Ten estimado ou estudado cal sería o orzamento necesario? Vaino facer?

Considera a Xunta de Galiza adecuados os servizos ferroviarios do noso país? E particularmente os do interior de Ourense? E de Lugo? Que ten feito para mellorar esta situación na última década?

Que fixo o goberno galego para demandar o cumprimento dos acordos plenarios en materia ferroviaria?

Valora ou vai valorar o goberno galego facer algún estudo propio para reforzar estas reivindicacións? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 12:38:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 12:38:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 12:38:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 12:38:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 12:38:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 12:38:51**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:14:00
Nº Rexistro: 61903
Data envío: 17/01/2020 13:14:00.353

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención sanitaria digna e igualitaria ao longo do territorio. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos tempos esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que debera abusando da derivación a Ourense e da derivación a centros privados de Castela para servizos por exemplo de radioloxía, sumado á gravidade de feitos sen aclarar como a falsificación de partes de garda destapada no nadal de 2018 e que a Xunta de Galiza desbotou investigar.

Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:14:00
Nº Rexistro: 61903
Data envío: 17/01/2020 13:14:00.353

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa desconformidade e malestar coa falta de persoal.

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son os motivos do goberno galego para deteriorar a atención sanitaria na comarca de Valdeorras?

Como valora a situación do Hospital?

E dos centros de saúde?

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde de Rubiá? Como a valora?

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde da Rúa? Como a valora?

Por que non colabora a Xunta de Galiza para atopar a solución adecuada para un novo centro de saúde nesta localidade?



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:14:00
Nº Rexistro: 61903
Data envio: 17/01/2020 13:14:00.353

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son os motivos do goberno galego para non cubrir prazas de xubilación de persoal médico na atención primaria valdeorresa?

Considera o goberno galego que é suficiente o horario de atención ao público e o número de profesionais destes centros?

Como valora a situación de deficiencia de servizos e persoal do Hospital Comarcal? Que vai facer para solventala?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 13:11:45**



CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2020 13:14:00
Nº Rexistro: 61903
Data envio: 17/01/2020 13:14:00.353

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 13:11:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 13:12:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 13:12:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 13:12:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 13:12:24**

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 12:32:06
Nº Rexistro: 61930
Data envío: 20/01/2020 12:32:06.565

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Julia Torregrosa Sañudo, deputados e deputada do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

A dificultade no acceso á vivenda segue a ser un dos principais problemas sociais en Galiza. Manifértase principalmente en dúas cuestións moi graves.A máis dramática, os desafiuzamentos, que 11 anos despois do estoupido da crise derivada do estoupido da burbulla inmobiliaria  seguen a situarse en cifras intolerables. No segundo trimestre de 2019 foron 657 os lanzamentos, segundo os datos do CXPX, dos cales o 76% foron debidos a impagos de alugueiro. Tamén se manifesta na imposibilidade de moitas mozas e mozos para emanciparse.

Nos anos posteriores á crise os ingresos da mocidade descenderon a consecuencia do paro e da precariedade laboral. A taxa de paro mellora nos últimos anos pero non así as cifras da precariedade e temporalidade, que afectan negativamente as expectativas da mocidade.

Segundo as estatísticas recollidas no “Observatorio de emancipación juvenil” Galiza atópase por debaixo da media estatal da taxa de emancipación entre os mozos de entre 16 e 34 anos, lastrada polos datos de precariedade e temporalidade laboral que ofrecen tamén peores datos que no Estado.

Así, estamos entre as peores comunidades autónomas en temporalidade e emprego a tempo parcial, e estamos por debaixo da media nos ingresos medios

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGd4GMpWACh7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de mozos e mozas.

Isto nun contexto no que os prezos do aluguer, e sobre todo nas cidades, fai que haxa enormes dificultades para moita xente nova á hora de emanciparse.

